CA5.1 - Empregouse unha comunicación verbal e escrita que garanta o respecto á diversidade, evitando termos ou expresións excluíntes na contorna profesional.

CA5.2 - Utilizáronse estratexias comunicativas asertivas para xestionar discrepancias e promover o entendemento mutuo e a cooperación.

CA5.3 - Empregáronse habilidades lingüísticas como ferramenta para fortalecer a cohesión grupal, asegurando a participación equitativa de todos os membros.

CA5.5 - Redactáronse e transmitíronse mensaxes de xeito estruturado, claro e efectivo en distintas canles e situacións, empregando saúdos e inicios de conversa adecuados segundo os contextos profesionais.

CA5.6 - Demostrouse unha actitude receptiva e respectuosa na interacción coas demais persoas, asegurando unha comprensión adecuada das necesidades e das opinións de cada interlocutor/a.

CA5.7 - Axustáronse a linguaxe, o ton e os rexistros comunicativos á diversidade cultural e lingüística do equipo de traballo, facilitando a comprensión e a interacción efectiva.

Contidos

BC1 - Comprensión e interpretación de discursos orais en lingua estranxeira no ámbito profesional

C1.1 - Identificación dos elementos da situación comunicativa no contexto laboral

C1.2 - Comprensión de mensaxes e argumentos principais en discursos orais

C1.3 - Extracción de información esencial de discursos profesionais, conferencias, informes e negociacións

C1.4 - Análise do contido de conversacións laborais con terminoloxía técnica e estruturas gramaticais avanzadas

C1.5 - Estratexias de síntese e reformulación de discursos orais mantendo a fidelidade da mensaxe.

C1.6 - Comprensión e aplicación de instrucións e directrices orais en situacións laborais

C1.9 - Valoración do impacto da linguaxe verbal e non verbal na comunicación oral.

BC2 - Comprensión e análise de textos escritos en lingua estranxeira no contexto profesional

C2.1 - Identificación de información crave en textos profesionais

C2.2 - Interpretación de instrucións e procedementos laborais en documentos e gráficos

C2.3 - Uso de ferramentas de apoio para a comprensión de textos en lingua estranxeira

C2.9 - Estratexias de procura de información en redes sociais e medios dixitais.

C2.10 - Avaliación crítica de fontes de información en lingua estranxeira.

C2.11 - Aplicación de estratexias de lectura para a extracción de información relevante.

BC3 - Produción de mensaxes orais e participación en interaccións profesionais

C3.1 - Expresión oral fluída e espontánea con adecuación ao nivel de formalidade requirido.

C3.2 - Organización clara e estruturada do discurso oral

C3.3 - Interacción efectiva en conversacións laborais con uso de argumentos e terminoloxía específica

C3.5 - Solicitude de aclaracións e formulación de suxestións para mellorar intervencións orais.

C3.6 - Uso de plataformas dixitais para reunións e xestión de comunicación en tempo real.

C3.7 - Aplicación de estratexias para mellorar a comunicación oral.

C3.9 - Práctica de estratexias de negociación e resolución de conflitos no ámbito laboral.

BC4 - Produción de textos escritos para a comunicación e a xestión laboral

C4.1 - Redacción de textos escritos con claridade, precisión e coherencia

C4.2 - Elaboración de informes, correos electrónicos, manuais e instrucións laborais.

C4.3 - Enchemento correcto de formularios e documentos profesionais.

C4.4 - Uso de terminoloxía e linguaxe formal nas comunicacións escritas

C4.5 - Participación en espazos de comunicación dixital da empresa respectando normas de interacción

C4.6 - Revisión e corrección de textos para garantir a súa adecuación gramatical e ortográfica.

C4.7 - Integración de información relevante en textos profesionais.

C4.9 - Aplicación de fórmulas comunicativas propias da lingua estranxeira na produción escrita

BC5 - Uso de habilidades lingüísticas para fomentar a inclusión e a cooperación na contorna laboral

C5.1 - Aplicación dunha comunicación respectuosa e inclusiva en contornas laborais.

C5.2 - Uso de estratexias comunicativas asertivas para a resolución de discrepancias.

C5.3 - Emprego de habilidades lingüísticas para fortalecer a cohesión do equipo de traballo

C5.4 - Participación en debates e reunións con propostas de mellora organizativa

C5.5 - Redacción e transmisión de mensaxes estruturadas e efectivos en diferentes canles

C5.6 - Actitude receptiva e respectuosa na interacción profesional

C5.7 - Adaptación da linguaxe e ton comunicativo á diversidade cultural do equipo

C5.8 - Promoción da equidade e a inclusión a través do uso adecuado da linguaxe.

Obxectivos específicos

Comprender textos orais e escritos sobre métodos para mellorar a visibilidade dunha empresa en liña, identificando estratexias dixitais e vocabulario específico.

Participar en conversacións profesionais para analizar a apertura dunha tenda en liña, avaliando provedores e tomando decisións fundamentadas.

Redactar correos electrónicos formais a socios ou provedores, aplicando léxico e fórmulas propias do inglés empresarial e do comercio electrónico.

Resultados ou produtos

1. Análise crítica de textos orais e escritos sobre estratexias dixitais e elementos de páxinas web profesionais.

2. Participación en diálogos simulados para decidir sobre a apertura dunha tenda en liña e a elección de provedores.

3. Redacción dun correo profesional dirixido a un socio detallando aspectos do deseño da páxina web.

Recursos específicos

Libro Business Administration and Finance (Burlington Books), Student's Book and Workbook.

Exemplos de páxinas web profesionais e materiais de lectura sobre estratexias dixitais.

Fichas de vocabulario sobre termos de comercio electrónico e selección de provedores.

Actividades prácticas e simulacións de conversacións empresariais sobre comercio en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Market Research	Nesta unidade, o alumnado comprenderá textos orais e	6

	Actividade	Descrición	Duración
2	Market Research	escritos sobre como realizar unha investigación de mercado, identificando os pasos e obxectivos deste proceso. Adquirirá vocabulario específico relacionado coas enquisas e a análise de datos, e escoitará unha conversa telefónica para completar o formulario dunha enquisa, reforzando a comprensión auditiva. Participará tamén nunha conversa en parellas para deseñar e realizar a súa propia enquisa. Ademais, aprenderá léxico sobre estratexias de márketing, comprenderá textos orais e escritos sobre o tema e tomará parte nun roleplay no que deberá convencer a transeúntes para apuntarse a un ximnasio, empregando distintas técnicas de promoción. Finalmente, a partir de gráficos cos resultados dunha enquisa, o alumnado elaborará un resumo escrito, interpretando e describindo os datos con precisión e vocabulario propio do ámbito comercial.	6

Criterios de avaliación

RA1 - Comprende e interpreta discursos orais en lingua estranxeira, tanto xerais como específicos do ámbito profesional, mesmo os formulados con recursos lingüísticos de relativa complexidade, extraendo a información máis relevante para o seu desempeño laboral

CA1.1 - Identificáronse correctamente os elementos da situación comunicativa na contorna profesional e a información e os argumentos principais expostos en discursos orais, coa capacidade necesaria para sintetizar as súas ideas principais.

CA1.2 - Identificouse e seleccionouse a información esencial de discursos orais no ámbito profesional, incluíndo titoriais, conferencias, informes e negociacións, comprendendo tanto o sentido global como os detalles específicos que son relevantes para o seu desempeño profesional, con precisión e sen ambigüidades.

CA1.3 - Comprendeuse o contido de conversas entre dúas ou máis persoas sobre aspectos laborais, mesmo as que inclúan terminoloxía técnica, estruturas gramaticais avanzadas e rexistros formais, sempre que a temática sexa coñecida previamente.

CA1.4 - Realizouse un proceso de síntese e reformulación de discursos orais en lingua estranxeira, mantendo a fidelidade da mensaxe e o seu significado esencial.

CA1.5 - Comprendéronse e aplicáronse correctamente indicacións e directrices transmitidas oralmente en situacións laborais, garantindo a súa adecuada execución.

CA1.6 - Analizáronse exposicións profesionais e informes técnicos orais dentro da área de especialización, mesmo cando sexan presentados por falantes nativos/as a velocidade normal.

RA2 - Recoñece e comprende textos escritos en lingua estranxeira, tanto do ámbito profesional como da vida cotiá e social; identifica o significado xeral, recoñece as ideas principais e localiza axilmente a información máis relevante para o desempeño do seu traballo, utilizando ferramentas de apoio cando sexa necesario

CA2.1 - Identificáronse os aspectos clave de textos escritos en lingua estranxeira no ámbito profesional, como instrucións específicas en correos electrónicos de traballo, priorizando as tarefas máis urxentes.

CA2.2 - Interpretáronse instrucións e procedementos laborais en textos e gráficos, aplicándoos correctamente.

CA2.3 - Utilizáronse ferramentas de apoio, como dicionarios, tradutores e aplicacións dixitais, para mellorar a comprensión de textos en lingua estranxeira, en caso necesario.

CA2.7 - Recolleuse e sintetizouse a información clave dunha empresa, incluíndo actividade, sector e indicadores económicos.

CA2.9 - Realizouse unha procura eficaz de información en redes sociais e internet, comprendendo a linguaxe publicitaria e as características das publicacións en liña, e analizando as estratexias máis efectivas para maximizar o seu impacto e a súa difusión.

CA2.10 - Avaliáronse criticamente fontes de información en lingua estranxeira, distinguindo entre información fiable e contido pouco rigoroso ou nesgado.

RA3 - Participa activamente en conversas profesionais, utilizando vocabulario e rexistros lingüísticos apropiados para situacións específicas, e emite mensaxes orais claras, coherentes e ben estruturadas

CA3.1 - Comunicouse espontaneamente con fluidez, adoptando un nivel de formalidade adecuado á situación profesional.

CA3.2 - Organizouse e estrutura do discurso oral con claridade, utilizando transicións axeitadas para facilitar a comprensión da audiencia.

CA3.3 - Interactuouse con fluidez en conversas profesionais, expresando e defendendo puntos de vista con argumentos sólidos e terminoloxía específica do ámbito laboral, e comunicando instrucións orais precisas para organizar tarefas e procesos ao grupo.

CA3.5 - Solicitáronse aclaracións e realizáronse suxestións de mellora tras intervencións e exposicións orais, para as enriquecer e lles achegar retroalimentación.

CA3.7 - Utilizáronse estratexias para mellorar a comunicación oral, aplicando técnicas que aumenten a efectividade do discurso.

RA4 - Elabora textos escritos de forma clara e precisa para se comunicar e xestionar eficazmente tarefas laborais, como informes, correos electrónicos, manuais ou instrucións, respectando os estándares e os formatos profesionais, con coherencia e corrección

CA4.1 - Producíronse textos escritos de certa complexidade de xeito claro, preciso e coherente, adecuando o contido, o ton e o estilo ao contexto profesional.

CA4.2 - Realizáronse documentos como informes, correos electrónicos, manuais, instrucións e formularios específicos, seguindo os estándares e os formatos establecidos no sector profesional.

CA4.3 - Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros.

CA4.4 - Empregouse unha linguaxe formal e precisa nas comunicacións escritas, utilizando a terminoloxía específica do sector e respectando os protocolos de comunicación con clientela e colaboradores/as.

CA4.5 - Participouse en espazos de comunicación dixital da empresa, como foros, chats e redes sociais, axustando a linguaxe e o ton ao tipo de interacción, e respectando as normas establecidas para cada plataforma.

CA4.6 - Revisáronse e corrixíronse os textos para garantir a súa corrección gramatical, ortográfica e sintáctica propia da lingua estranxeira.

CA4.7 - Integrouse información procedente de diversas fontes, asegurando a súa relevancia, a súa fiabilidade e a súa adecuación ao contexto profesional.

CA4.9 - Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos.

RA5 - Utiliza as habilidades lingüísticas para fomentar unha contorna de traballo inclusiva, cooperativa e respectuosa, promovendo a integración e o intercambio de valores en contextos multiculturais

CA5.1 - Empregouse unha comunicación verbal e escrita que garanta o respecto á diversidade, evitando termos ou expresións excluíntes na contorna profesional.

CA5.2 - Utilizáronse estratexias comunicativas asertivas para xestionar discrepancias e promover o entendemento mutuo e a cooperación.

CA5.3 - Empregáronse habilidades lingüísticas como ferramenta para fortalecer a cohesión grupal, asegurando a participación equitativa de todos os membros.

CA5.5 - Redactáronse e transmitíronse mensaxes de xeito estruturado, claro e efectivo en distintas canles e situacións, empregando saúdos e inicios de conversa adecuados segundo os contextos profesionais.

CA5.6 - Demostrouse unha actitude receptiva e respectuosa na interacción coas demais persoas, asegurando unha comprensión adecuada das necesidades e das opinións de cada interlocutor/a.

CA5.7 - Axustáronse a linguaxe, o ton e os rexistros comunicativos á diversidade cultural e lingüística do equipo de traballo, facilitando a comprensión e a interacción efectiva.

Contidos

BC1 - Comprensión e interpretación de discursos orais en lingua estranxeira no ámbito profesional

C1.1 - Identificación dos elementos da situación comunicativa no contexto laboral

C1.2 - Comprensión de mensaxes e argumentos principais en discursos orais

C1.3 - Extracción de información esencial de discursos profesionais, conferencias, informes e negociacións

C1.4 - Análise do contido de conversacións laborais con terminoloxía técnica e estruturas gramaticais avanzadas

C1.5 - Estratexias de síntese e reformulación de discursos orais mantendo a fidelidade da mensaxe.

C1.6 - Comprensión e aplicación de instrucións e directrices orais en situacións laborais

C1.7 - Análise de exposicións profesionais e presentacións técnicas

C1.9 - Valoración do impacto da linguaxe verbal e non verbal na comunicación oral.

BC2 - Comprensión e análise de textos escritos en lingua estranxeira no contexto profesional

C2.1 - Identificación de información crave en textos profesionais

C2.2 - Interpretación de instrucións e procedementos laborais en documentos e gráficos

C2.3 - Uso de ferramentas de apoio para a comprensión de textos en lingua estranxeira

C2.7 - Síntese de información empresarial sobre actividade, sector e indicadores económicos.

C2.9 - Estratexias de procura de información en redes sociais e medios dixitais.

C2.10 - Avaliación crítica de fontes de información en lingua estranxeira.

C2.11 - Aplicación de estratexias de lectura para a extracción de información relevante.

BC3 - Produción de mensaxes orais e participación en interaccións profesionais

C3.1 - Expresión oral fluída e espontánea con adecuación ao nivel de formalidade requirido.

C3.2 - Organización clara e estruturada do discurso oral

C3.3 - Interacción efectiva en conversacións laborais con uso de argumentos e terminoloxía específica

C3.5 - Solicitude de aclaracións e formulación de suxestións para mellorar intervencións orais.

C3.7 - Aplicación de estratexias para mellorar a comunicación oral.

C3.9 - Práctica de estratexias de negociación e resolución de conflitos no ámbito laboral.

BC4 - Produción de textos escritos para a comunicación e a xestión laboral

C4.1 - Redacción de textos escritos con claridade, precisión e coherencia

C4.2 - Elaboración de informes, correos electrónicos, manuais e instrucións laborais.

C4.3 - Enchemento correcto de formularios e documentos profesionais.

C4.4 - Uso de terminoloxía e linguaxe formal nas comunicacións escritas

C4.6 - Revisión e corrección de textos para garantir a súa adecuación gramatical e ortográfica.

C4.7 - Integración de información relevante en textos profesionais.

C4.9 - Aplicación de fórmulas comunicativas propias da lingua estranxeira na produción escrita

C4.10 - Redacción de documentos de xestión laboral como contratos, informes e propostas comerciais.

BC5 - Uso de habilidades lingüísticas para fomentar a inclusión e a cooperación na contorna laboral

C5.1 - Aplicación dunha comunicación respectuosa e inclusiva en contornas laborais.

C5.2 - Uso de estratexias comunicativas asertivas para a resolución de discrepancias.

C5.3 - Emprego de habilidades lingüísticas para fortalecer a cohesión do equipo de traballo

C5.4 - Participación en debates e reunións con propostas de mellora organizativa

C5.5 - Redacción e transmisión de mensaxes estruturadas e efectivos en diferentes canles

C5.6 - Actitude receptiva e respectuosa na interacción profesional

C5.7 - Adaptación da linguaxe e ton comunicativo á diversidade cultural do equipo

C5.8 - Promoción da equidade e a inclusión a través do uso adecuado da linguaxe.

Obxectivos específicos

Comprender textos orais e escritos sobre investigación de mercado, identificando pasos, obxectivos e vocabulario específico.

Deseñar e realizar enquisas e participar en roleplays promocionais, aplicando técnicas de márketing e vocabulario profesional.

Interpretar e resumir datos obtidos en enquisas, redactando textos comerciais claros e precisos.

Resultados ou produtos

1. Elaboración dunha enquisa de mercado adaptada a un produto ou servizo específico.
2. Participación en roleplays promocionais aplicando técnicas de márketing e comunicación persuasiva.
3. Redacción dun resumo escrito con interpretación de gráficos e datos da enquisa, empregando vocabulario profesional.

Recursos específicos

Libro Business Administration and Finance (Burlington Books), Student's Book and Workbook.

Modelos de enquisas e formularios de recollida de datos comerciais.

Gráficos e informes de resultados de enquisas previas para análise e interpretación.

Material audiovisual con conversacións e roleplays sobre promoción e atención ao cliente.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Teambuilding	Nesta unidade, o alumnado aprenderá vocabulario para falar da importancia do fortalecemento dos equipos de traballo mediante diferentes técnicas de team building. Comprenderá textos orais e escritos sobre o tema e participará nunha conversa para debater cal é a mellor técnica para reforzar o seu propio equipo. Ademais, tratarán a relevancia do traballo en equipo, adquirindo vocabulario como strength, collaborate ou personal accountability, e entenderán textos orais e escritos relacionados con esta temática. Participarán tamén	4

	Actividade	Descrición	Duración
3	Teambuilding	nunha conversa práctica, facendo suxestións a un compañeiro sobre o mellor xeito de lanzar ao mercado uns pantalóns novos, chegando xuntos a unha decisión final. Como tarefa final, redactarán unha reseña para a intranet da empresa na que describirán unha actividade de fortalecemento de equipo á que asistiron, empregando o vocabulario e as estruturas propias do inglés profesional.	4

Criterios de avaliación

RA1 - Comprende e interpreta discursos orais en lingua estranxeira, tanto xerais como específicos do ámbito profesional, mesmo os formulados con recursos lingüísticos de relativa complexidade, extraendo a información máis relevante para o seu desempeño laboral

CA1.1 - Identificáronse correctamente os elementos da situación comunicativa na contorna profesional e a información e os argumentos principais expostos en discursos orais, coa capacidade necesaria para sintetizar as súas ideas principais.

CA1.2 - Identificouse e seleccionouse a información esencial de discursos orais no ámbito profesional, incluíndo titoriais, conferencias, informes e negociacións, comprendendo tanto o sentido global como os detalles específicos que son relevantes para o seu desempeño profesional, con precisión e sen ambigüidades.

CA1.3 - Comprendeuse o contido de conversas entre dúas ou máis persoas sobre aspectos laborais, mesmo as que inclúan terminoloxía técnica, estruturas gramaticais avanzadas e rexistros formais, sempre que a temática sexa coñecida previamente.

CA1.4 - Realizouse un proceso de síntese e reformulación de discursos orais en lingua estranxeira, mantendo a fidelidade da mensaxe e o seu significado esencial.

CA1.5 - Comprendéronse e aplicáronse correctamente indicacións e directrices transmitidas oralmente en situacións laborais, garantindo a súa adecuada execución.

RA2 - Recoñece e comprende textos escritos en lingua estranxeira, tanto do ámbito profesional como da vida cotiá e social; identifica o significado xeral, recoñece as ideas principais e localiza axilmente a información máis relevante para o desempeño do seu traballo, utilizando ferramentas de apoio cando sexa necesario

CA2.1 - Identificáronse os aspectos clave de textos escritos en lingua estranxeira no ámbito profesional, como instrucións específicas en correos electrónicos de traballo, priorizando as tarefas máis urxentes.

CA2.2 - Interpretáronse instrucións e procedementos laborais en textos e gráficos, aplicándoos correctamente.

CA2.3 - Utilizáronse ferramentas de apoio, como dicionarios, tradutores e aplicacións dixitais, para mellorar a comprensión de textos en lingua estranxeira, en caso necesario.

CA2.4 - Analizáronse artigos de opinión sobre temas profesionais, identificando diversos puntos de vista e diferenciando entre opinións e os feitos.

CA2.10 - Avaliáronse criticamente fontes de información en lingua estranxeira, distinguindo entre información fiable e contido pouco rigoroso ou nesgado.

RA3 - Participa activamente en conversas profesionais, utilizando vocabulario e rexistros lingüísticos apropiados para situacións específicas, e emite mensaxes orais claras, coherentes e ben estruturadas

CA3.1 - Comunicouse espontaneamente con fluidez, adoptando un nivel de formalidade adecuado á situación profesional.

CA3.2 - Organizouse e estrutura do discurso oral con claridade, utilizando transicións axeitadas para facilitar a comprensión da audiencia.

CA3.3 - Interactuouse con fluidez en conversas profesionais, expresando e defendendo puntos de vista con argumentos sólidos e terminoloxía específica do ámbito laboral, e comunicando instrucións orais precisas para organizar tarefas e procesos ao grupo.

CA3.4 - Presentáronse proxectos, informes e resultados de traballos en contornas profesionais, utilizando para iso técnicas e tecnoloxías de comunicación efectiva e eficaz.

CA3.5 - Solicitáronse aclaracións e realizáronse suxestións de mellora tras intervencións e exposicións orais, para as enriquecer e lles achegar retroalimentación.

CA3.7 - Utilizáronse estratexias para mellorar a comunicación oral, aplicando técnicas que aumenten a efectividade do discurso.

RA4 - Elabora textos escritos de forma clara e precisa para se comunicar e xestionar eficazmente tarefas laborais, como informes, correos electrónicos, manuais ou instrucións, respectando os estándares e os formatos profesionais, con coherencia e corrección

CA4.1 - Producíronse textos escritos de certa complexidade de xeito claro, preciso e coherente, adecuando o contido, o ton e o estilo ao contexto profesional.

CA4.2 - Realizáronse documentos como informes, correos electrónicos, manuais, instrucións e formularios específicos, seguindo os estándares e os formatos establecidos no sector profesional.

CA4.3 - Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros.

CA4.4 - Empregouse unha linguaxe formal e precisa nas comunicacións escritas, utilizando a terminoloxía específica do sector e respectando os protocolos de comunicación con clientela e colaboradores/as.

CA4.5 - Participouse en espazos de comunicación dixital da empresa, como foros, chats e redes sociais, axustando a linguaxe e o ton ao tipo de interacción, e respectando as normas establecidas para cada plataforma.

CA4.6 - Revisáronse e corrixíronse os textos para garantir a súa corrección gramatical, ortográfica e sintáctica propia da lingua estranxeira.

CA4.7 - Integrouse información procedente de diversas fontes, asegurando a súa relevancia, a súa fiabilidade e a súa adecuación ao contexto profesional.

CA4.9 - Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos.

RA5 - Utiliza as habilidades lingüísticas para fomentar unha contorna de traballo inclusiva, cooperativa e respectuosa, promovendo a integración e o intercambio de valores en contextos multiculturais

CA5.1 - Empregouse unha comunicación verbal e escrita que garanta o respecto á diversidade, evitando termos ou expresións excluíntes na contorna profesional.

CA5.2 - Utilizáronse estratexias comunicativas asertivas para xestionar discrepancias e promover o entendemento mutuo e a cooperación.

CA5.3 - Empregáronse habilidades lingüísticas como ferramenta para fortalecer a cohesión grupal, asegurando a participación equitativa de todos os membros.

CA5.4 - Participouse en debates e reunións laborais con espírito crítico, achegando propostas de mellora organizativa e valorando diversas perspectivas culturais e experiencias profesionais.

CA5.5 - Redactáronse e transmitíronse mensaxes de xeito estruturado, claro e efectivo en distintas canles e situacións, empregando saúdos e inicios de conversa adecuados segundo os contextos profesionais.

CA5.6 - Demostrouse unha actitude receptiva e respectuosa na interacción coas demais persoas, asegurando unha comprensión adecuada das necesidades e das opinións de cada interlocutor/a.

CA5.7 - Axustáronse a linguaxe, o ton e os rexistros comunicativos á diversidade cultural e lingüística do equipo de traballo, facilitando a comprensión e a interacción efectiva.

Contidos

BC1 - Comprensión e interpretación de discursos orais en lingua estranxeira no ámbito profesional

C1.1 - Identificación dos elementos da situación comunicativa no contexto laboral

C1.2 - Comprensión de mensaxes e argumentos principais en discursos orais

C1.3 - Extracción de información esencial de discursos profesionais, conferencias, informes e negociacións

C1.4 - Análise do contido de conversacións laborais con terminoloxía técnica e estruturas gramaticais avanzadas

C1.5 - Estratexias de síntese e reformulación de discursos orais mantendo a fidelidade da mensaxe.

C1.6 - Comprensión e aplicación de instrucións e directrices orais en situacións laborais

C1.9 - Valoración do impacto da linguaxe verbal e non verbal na comunicación oral.

BC2 - Comprensión e análise de textos escritos en lingua estranxeira no contexto profesional

C2.1 - Identificación de información crave en textos profesionais

C2.2 - Interpretación de instrucións e procedementos laborais en documentos e gráficos

C2.3 - Uso de ferramentas de apoio para a comprensión de textos en lingua estranxeira

C2.4 - Análise de artigos de opinión sobre temas profesionais.

C2.10 - Avaliación crítica de fontes de información en lingua estranxeira.

C2.11 - Aplicación de estratexias de lectura para a extracción de información relevante.

BC3 - Produción de mensaxes orais e participación en interaccións profesionais

C3.1 - Expresión oral fluída e espontánea con adecuación ao nivel de formalidade requirido.

C3.2 - Organización clara e estruturada do discurso oral

C3.3 - Interacción efectiva en conversacións laborais con uso de argumentos e terminoloxía específica

C3.4 - Presentación de proxectos, informes e resultados laborais con apoio de tecnoloxía.

C3.5 - Solicitude de aclaracións e formulación de suxestións para mellorar intervencións orais.

C3.7 - Aplicación de estratexias para mellorar a comunicación oral.

C3.9 - Práctica de estratexias de negociación e resolución de conflitos no ámbito laboral.

BC4 - Produción de textos escritos para a comunicación e a xestión laboral

C4.1 - Redacción de textos escritos con claridade, precisión e coherencia

C4.2 - Elaboración de informes, correos electrónicos, manuais e instrucións laborais.

C4.3 - Enchemento correcto de formularios e documentos profesionais.

C4.4 - Uso de terminoloxía e linguaxe formal nas comunicacións escritas

C4.6 - Revisión e corrección de textos para garantir a súa adecuación gramatical e ortográfica.

C4.7 - Integración de información relevante en textos profesionais.

C4.9 - Aplicación de fórmulas comunicativas propias da lingua estranxeira na produción escrita

BC5 - Uso de habilidades lingüísticas para fomentar a inclusión e a cooperación na contorna laboral

C5.1 - Aplicación dunha comunicación respectuosa e inclusiva en contornas laborais.

C5.2 - Uso de estratexias comunicativas asertivas para a resolución de discrepancias.

C5.3 - Emprego de habilidades lingüísticas para fortalecer a cohesión do equipo de traballo

C5.4 - Participación en debates e reunións con propostas de mellora organizativa

C5.5 - Redacción e transmisión de mensaxes estruturadas e efectivos en diferentes canles

C5.6 - Actitude receptiva e respectuosa na interacción profesional C5.7 - Adaptación da linguaxe e ton comunicativo á diversidade cultural do equipo C5.8 - Promoción da equidade e a inclusión a través do uso adecuado da linguaxe.
Obxectivos específicos Comprender textos orais e escritos sobre técnicas de team building, identificando vocabulario clave e ideas principais. Participar en conversas para analizar e seleccionar métodos eficaces de fortalecemento de equipos, aplicando vocabulario profesional. Redactar unha reseña profesional sobre unha actividade de team building, utilizando estruturas e rexistro axeitados.
Resultados ou produtos 1. Participación activa en debates sobre técnicas de fortalecemento de equipos e colaboración en decisións de grupo. 2. Creación dunha proposta en parellas ou grupos sobre a mellor técnica de team building ou plan de lanzamento dun produto. 3. Redacción dunha reseña para a intranet da empresa describindo unha actividade de team building realizada.
Recursos específicos Libro Business Administration and Finance (Burlington Books), Student's Book and Workbook. Artigos e textos orais sobre team building e traballo en equipo. Vídeos ou podcasts con exemplos de dinámicas de fortalecemento de equipos. Materials para roleplays e debates en parellas ou grupos (fichas con actividades e casos prácticos).

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

O procedemento de avaliación inicial do alumnado do ciclo superior de Xestión de Vendas no módulo de Habilidades Comunicativas en inglés consistirá nunha combinación de probas escritas e observación directa. En primeiro lugar, realizaremos unha proba escrita que permitirá medir o nivel de partida do alumnado en gramática, vocabulario, comprensión auditiva (listening), comprensión lectora (reading) e expresión escrita (writing), partindo dun nivel B1+. A expresión oral avaliarase nos primeiros días de clase a través de interaccións en aula e preguntas directas ao alumnado.
Ademais,durante o primeiro trimestre terá lugar a reunión de avaliación inicial, na que participa todo o equpido docente do grupo xunto coa persoa orientadora, se reunirá para coñecer a situación de partida de cada alumno, tanto a nivel académico de cada módulo como en relación coas circunstancias persoais que poidan afectar ao seu rendemento (situación familiar, enfermidade ou necesidades de aprendizaxe). A partir desta información, tomarase as medidas e modificacións necesarias para adaptar o proceso formativo ás necesidades de cada estudante.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**21**	**21**	**24**	**12**	**22**	**100**
Lista de cotexo	51	44	53	60	56	**52**
Proba escrita	40	48	40	31	40	**41**
Táboa de observación	9	8	7	9	4	**7**

Procedemento e criterios de cualificación:

En cada un dos tres trimestres o alumnado será avaliado das seguintes destrezas segundo a porcentaxe indicada para cada unha delas:
- Expresión escrita (writing): 30%, que será avaliada mediante probas escritas empregando unha lista de cotexo para a súa avaliación.
- Expresión oral (speaking): 30%, que será avaliada mediante probas orais que o alumnado poderá preparar previamente e que realizará individualmente ou en parellas/grupos. Será avaliada mediante unha lista de cotexo.
- Comprensión escrita (reading): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.
- Comprensión oral (listening): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.

Para acadar unha cualificación positiva en cada trimestre, o alumno deberá obter mínimo 3 puntos de 10 en cada unha das destrezas sendo a cualificación final de 5 puntos ou máis. O alumnado que non acade o mínimo de 5 puntos sobre 10 terá unha cualificación de NON APTO.
O peso de cada trimestre para o cálculo da nota final é o seguinte:25% no primeiro trimestre, 35% no segundo e 40% no terceiro trimestre. Con todo, ao tratarse dun módulo no que o contido é progresivo e acumulativo, aquel alumno que aprobe o terceiro trimestre, aprobará o módulo independientemente da nota acadada nos dous trimestres anteriores. Do mesmo xeito, aquel alumno que non supere o terceiro trimestre, suspenderá todo o módulo.
Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:
Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:
1) Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).
2) Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.
No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.
En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).
-No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
-Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa autoría.
-No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do departamento

(reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.
No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba oral ou escrita será a definitiva.
Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.
No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.
No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia

Procedemento e criterios de recuperación

Como se menciona no apartado anterior, pola natureza do módulo os resultados de aprendizaxe e contidos asociados acumúlanse dunha avaliación a outra. Polo tanto, non haberá recuperacións por trimestres sendo o último trimestre crucial para a superación do módulo ou non.
No caso de que un alumno chegue á terceira avaliación co módulo non superado, poderá e deberá continuar asistindo ás clases para preparar a recuperación do mesmo. Posteriormente, realizará unha proba de cada unha das destrezas mencionadas anteriormente coas mesmas porcentaxes.
- Expresión escrita (writing): 30%, que será avaliada mediante probas escritas empregando unha lista de cotexo para a súa avaliación.
- Expresión oral (speaking): 30%, que será avaliada mediante probas orais que o alumnado poderá preparar previamente e que realizará individualmente ou en parellas/grupos. Será avaliada mediante unha lista de cotexo.
- Comprensión escrita (reading): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.
- Comprensión oral (listening): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.

Para acadar unha cualificación positiva, o alumno deberá obter mínimo 3 puntos de 10 en cada unha das destrezas sendo a cualificación final de 5 puntos ou máis. O alumnado que non acade o mínimo de 5 puntos sobre 10 terá unha cualificación de NON APTO.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocione a segundo curso co módulo pendente de 1º deberá facer unha proba de avaliación durante o segundo trimestre nas datas marcadas pola xefatura de estudos.
Previamente, o alumnado recibirá instruccións para preparar a proba por parte do/a docente que imparta o módulo ese ano. Este material incluirá o material de refernencia do módulo, tanto o libro de texto como o caderno de actividades Business Administration and Finance de Burlington Books. Do mesmo xeito, entregaránselle outros materiais audiovisuais pola aula virtual segundo a necesidade do alumnado.
A proba consistirá nas seguintes partes e coa seguinte ponderación:
- Expresión escrita (writing): 30%, que será avaliada mediante probas escritas empregando unha lista de cotexo para a súa avaliación.
- Expresión oral (speaking): 30%, que será avaliada mediante probas orais que o alumnado poderá preparar previamente e que realizará individualmente ou en parellas/grupos. Será avaliada mediante unha lista de cotexo.
- Comprensión escrita (reading): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.
- Comprensión oral (listening): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.

Para acadar unha cualificación positiva, o alumno deberá obter mínimo 3 puntos de 10 en cada unha das destrezas sendo a cualificación final de 5 puntos ou máis. O alumnado que non acade o mínimo de 5 puntos sobre 10 terá unha cualificación de NON APTO.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

A avaliación contínua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo (mais de 7 sesións de clase) perderá o dereito a presentarse as probas parciais de cada trimestre e mesmo perderá as cualificacións parciais das probas ás que se teña presentado. Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria de avaliación sobre toda a programación do módulo. Para este alumnado a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha cualificación de 5 ou superior para superar o módulo profesional.
A proba consistirá nas seguintes partes e coa seguinte ponderación:
- Expresión escrita (writing): 30%, que será avaliada mediante probas escritas empregando unha lista de cotexo para a súa avaliación.
- Expresión oral (speaking): 30%, que será avaliada mediante probas orais que o alumnado poderá preparar previamente e que realizará individualmente ou en parellas/grupos. Será avaliada mediante unha lista de cotexo.
- Comprensión escrita (reading): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.
- Comprensión oral (listening): 20%, que será avaliada mediante unha proba escrita.
Para acadar unha cualificación positiva, o alumno deberá obter mínimo 3 puntos de 10 en cada unha das destrezas sendo a cualificación final de 5 puntos ou máis. O alumnado que non acade o mínimo de 5 puntos sobre 10 terá unha cualificación de NON APTO.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Tras a avaliación de diagnóstico elaborada ao comezo do curso e da sesión de avaliación inicial non detectamos neste grupo ningún alumno co necesidades especiais de apoio educativo (NEAE).
Sin embargo, si detectamos alumnado que terá dificultades para alcanzar os obxectivos do módulo. Nestes casos seguiremos as seguintes pautas de actuación:
1. Como se detectará que o alumnado non responde globalmente aos obxectivos

- Observación continua.
- Resultados das tarefas e probas.
- Dificultades recorrentes en contidos clave.

2. Que medidas de reforzo se aplicarán
a) Medidas metodolóxicas

- Explicacións adicionais dos contidos máis complexos.
- Repetición ou reformulación de tarefas.
- Aprendizaxe baseada en casos prácticos máis guiados.
- Traballo individualizado segundo necesidades detectadas.

b) Actividades específicas de reforzo

- Exercicios adicionais de comprensión e aplicación enfocadaos nos resultados de aprendizaxe non superados.

c) Apoio fóra da aula ou dentro da aula

- Titorías individuais ou en pequeno grupo.
- Seguimento personalizado.

d) Adaptacións non significativas (Sen modificar resultados de aprendizaxe)

- Maior tempo para completar tarefas.
- Materiais simplificados ou máis guiados.
- Recursos visuais ou esquemas.

3. Como se avaliará se o reforzo funciona

- Seguimento continuo.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores intégrase de maneira transversal no módulo, tal e como establecen a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, que desenvolve a ordenación do Sistema de FP, e a normativa propia da Xunta de Galicia relativa á formación profesional. Estes textos establecen a necesidade de fomentar competencias clave como a cidadanía activa, a igualdade, a ética profesional, a sustentabilidade, a comunicación responsable e a convivencia democrática, tamén nos módulos lingüísticos e profesionais.

1. Obxectivos da educación en valores no módulo

No contexto da comunicación profesional en lingua inglesa, preténdese:

1. Promover a competencia comunicativa ética e respectuosa en contornos laborais internacionais, garantindo o uso inclusivo, igualitario e non discriminatorio da lingua inglesa.
2. Fomentar a responsabilidade social e profesional, abordando desde a lingua os valores asociados á ética, a atención ao cliente, o trato igualitario e a resolución de conflitos.
3. Traballar a competencia cidadá e intercultural, esencial nos ámbitos comerciais globais, potenciando o respecto pola diversidade cultural, lingüística e persoal.
4. Impulsar a sustentabilidade e a conciencia ambiental a través de actividades comunicativas vinculadas ao sector profesional (empresas verdes, circular economy, sustainable marketing...).
5. Desenvolver o pensamento crítico e a alfabetización mediática, especialmente na análise de mensaxes comerciais, correos profesionais, campañas e comunicación corporativa en inglés.

2. Eixos temáticos e contidos asociados

Ao tratarse dun módulo lingüístico con aplicación profesional, os valores intégranse en prácticas comunicativas reais:

a) Igualdade e inclusión

- Uso de inclusive language en inglés.
- Prácticas de comunicación que eviten prexuízos de xénero, raza, idade ou cultura.
- Role-plays sobre atención ao cliente diversa (people with disabilities, foreign customers, elderly customers...).

b) Ética profesional e responsabilidade

- Análise e produción de correos, informes e conversas profesionais que respecten boas prácticas e códigos éticos internacionais.
- Estudo de casos de ethical dilemmas in sales, marketing and customer service.

c) Sustentabilidade e responsabilidade ambiental

- Lecturas e vídeos sobre sustainable companies, green marketing, eco-friendly products.
- Presentacións orais sobre boas prácticas medioambientais no sector comercial.

d) Convivencia democrática e resolución pacífica de conflitos

- Simulacións de negociacións, reclamacións ou discrepancias con provedores ou clientes.
- Práctica de polite language, conflict resolution strategies e customer care protocols.

e) Competencia mediática e pensamento crítico

- Análise crítica de anuncios, mensaxes comerciais e contido dixital en inglés.
- Actividades para identificar misleading advertising, fake reviews e desinformación.

3. Metodoloxía empregada

A integración dos valores realizarase mediante:

- Aprendizaxe baseada en tarefas comunicativas (task-based learning) con enfoque situacional.
- Role-play profesional: entrevistas, negociacións, presentacións, atención ao cliente.
- Estudos de caso reais de empresas internacionais.
- Aprendizaxe cooperativa, con tarefas en grupo que promovan respecto, escoita activa e corresponsabilidade.
- Debates e discusións guiadas en inglés sobre temas vinculados a valores (ética, diversidade, sustentabilidade...).
- Análise de materiais auténticos: correos reais, web corporativas, campañas publicitarias, vídeos divulgativos, informes.

4. Avaliación da educación en valores

Os valores avaliaranse de forma integrada coa competencia lingüística.

Os instrumentos incluirán:

- Rúbricas que valoren:
  - Uso de linguaxe inclusiva e profesional.
  - Actitude cooperativa e respecto nas interaccións orais.
  - Aplicación de criterios éticos na resolución de casos.
  - Sensibilidade intercultural e tratamento adecuado da diversidade.
  - Capacidade de interpretar criticamente mensaxes comerciais.
- Proxectos ou presentacións en inglés relacionados con empresas éticas, con responsabilidade social ou con prácticas sustentables.
- Autoavaliación reflexiva, onde o alumnado analiza o seu uso da lingua e a súa actitude profesional.

5. Relación co currículo e cos módulos transversais

A educación en valores neste módulo contribúe directamente ás competencias transversais definidas na FP actual:

- Competencia cidadá e intercultural: comunicación profesional adaptada a contextos internacionais.
- Competencia social e persoal: traballo cooperativo e resolución de conflitos.
- Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo: análise e produción de textos sobre sustentabilidade.
- Responsabilidade profesional e ética: prácticas comunicativas propias do ámbito comercial.
- Competencia dixital e mediática: análise crítica de contidos.

6. Organización temporal

A educación en valores traballarase de maneira transversal ao longo de todas as unidades.

7. Recursos

- Materiais auténticos en inglés: webs, campañas, anuncios, vídeos documentais, informes corporativos.
- Recursos de organismos internacionais (ONU, UNESCO, OECD).
- Casos reais de empresas con impacto social ou modelos de sustentabilidade.
- Ferramentas dixitais de comunicación profesional (correos, chat corporativo ficticio...).

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Este curso o alumnado deste ciclo formativo contará cunha axiliar de conversa americana que apoiará á docente principal durante unha hora á semana. Contar cunha auxiliar de conversa nativa aporta un valor engadido esencial ao módulo de Habilidades Comunicativas en Lingua Inglesa, xa que permite ao alumnado practicar a lingua en contextos reais, mellorar a pronunciación e a fluidez, e familiarizarse con rexistros profesionais propios do ámbito comercial internacional. Ademais, achega unha perspectiva intercultural clave para comprender diferentes estilos de comunicación, reforzando competencias de atención ao cliente, negociación e presentación de produtos en mercados globais.

Neste momento o departamento de inglés non ten contempladas outras actividades complementarias ou extraescolares.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

RA5 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.

CA5.5 - Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.

CA5.6 - Xestionáronse os impagamentos de clientela, cumprindo os requisitos e os prazos previstos na normativa.

CA5.7 - Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.

Contidos

BC5 - Elaboración de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento

C5.6 - Medios e documentos de pagamento e cobramento: análise dos medios e dos seus riscos.

C5.7 - Creación, mantemento e valoración das bases de datos de clientela.

C5.8 - Manexo dunha aplicación informática de facturación.

Obxectivos específicos

Analizar características, custos de xestión e riscos dos distintos medios de pagamento e cobramento.

Xestionar os impagamentos da clientela segundo a normativa.

Supervisar as condicións de cobramento e pagamento das operacións .

Resultados ou produtos

Resolución das cuestións e dos casos prácticos propostos.

Recursos específicos

Pizarra dixital, ordenadores.

UD	Título da UD	Duración
6	Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.	40

	Actividade	Descrición	Duración
1	Obrigas contables da empresa. Conceptos básicos do PXC. O patrimonio empresarial.	Coñecemento dos conceptos e obrigas básicos da contabilidade das PEMES.	5

Criterios de avaliación

RA6 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.

CA6.1 - Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.

Contidos

BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas

C6.1 - Obrigas contables da empresa: normativa mercantil e fiscal.

C6.2 - Patrimonio da empresa: activo, pasivo e patrimonio neto.

Obxectivos específicos

Identificar as obrigas contables e os conceptos básicos do PXC.

Diferenciar as partidas do balance e a súa relación funcional.

Resultados ou produtos

Resolución dos exercicios propostos.

Recursos específicos

Pizarra dixital, ordenadores, PXC.

	Actividade	Descrición	Duración
2	O ciclo contable.	Fases e elaboración do ciclo contable.	14

Criterios de avaliación

RA6 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.

CA6.2 - Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.

CA6.3 - Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.

CA6.4 - Determinouse a amortización dos vehículos e demais elementos do inmobilizado, de acordo coa normativa fiscal e co plan xeral contable.

Contidos

BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas

C6.3 - Contas: terminoloxía, estrutura e tipos.

C6.4 - Libros contables e de rexistro.

C6.5 - Plan Xeral Contable para as pequenas e medianas empresas.

C6.6 - O ciclo contable.

Obxectivos específicos

Diferenciar os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento

Rexistrar operacións contables e calcular o resultado do exercicio segundo indica o PXC.

Determinar a amortización dos elementos de inmobilizado segundo a normativa correspondente

Resultados ou produtos

Exercicios propostos resoltos.

Recursos específicos

Pizarra dixital, apuntamentos, ordenadores, PXC.

	Actividade	Descrición	Duración
3	As contas anuais.	Cales son as contas anuais e como se elaboran.	15

Criterios de avaliación

RA6 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.

CA6.5 - Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.

CA6.10 - Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.

Contidos

BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas

C6.7 - Contas anuais.

C6.8 - Resultado do exercicio.

C6.14 - Manexo dunha aplicación informática integral de contabilidade financeira para o rexistro contable e elaboración das contas anuais.

Obxectivos específicos

Elaborar as contas anuais de acordo co PXC para PEMES.

Utilizar unha aplicación informática de contabilidade.

Resultados ou produtos

Exercicios propostos resoltos.

Recursos específicos

Pizarra dixital, apuntamentos, ordenadores, PXC.

	Actividade	Descrición	Duración
4	A fiscalidade na empresa.	As obrigas fiscais da empresa e a liquidación de impostos.	6

Criterios de avaliación

RA6 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.

CA6.6 - Identificáronse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e da xestión do imposto sobre o valor engadido (IVE).

CA6.7 - Establecéronse as xestións cómpre realizar para a liquidación do imposto de circulación de vehículos, interpretando a normativa que o regula.

CA6.8 - Identificáronse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.

CA6.9 - Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.

Contidos

BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas

C6.9 - Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

C6.10 - Imposto de sociedades.

C6.11 - Imposto sobre o valor engadido.

C6.12 - Imposto de circulación de vehículos.

C6.13 - Impostos sobre determinados vehículos, peaxes, taxas e canons pola utilización de determinadas infraestruturas.

Obxectivos específicos

Identificar as obrigas fiscais correspondentes ao IVE.

Establecer as xestións pertinentes para a liquidación de impostos.

Identificar os tributos que lle corresponda pagar á empresa.

Determinar as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios.

Resultados ou produtos
Resolución cuestionario proposto.
Recursos específicos
Pizarra dixital, apuntamentos, ordenadores, PXC.

UD	Título da UD	Duración
7	Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.	45

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise da información contable e económico-financeira da empresa.	Interpretación da información aportada polas contas anuais.	9

Criterios de avaliación

RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.

CA7.1 - Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.

CA7.2 - Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre a financiamento básico e o do circulante.

Contidos

BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos

C7.1 - Interpretación e análise da información contable e económico-financeira da empresa aplicable á xestión empresarial.

Obxectivos específicos

Interpretar e analizar a información contable e os estados financeiros para xestionar a empresa.

Valorar as relacións de equilibrio necesarias entre investimentos e recursos financeiros.

Resultados ou produtos

Exercicios e supostos propostos resoltos.

Recursos específicos

Encerado, encerado dixital, apuntamentos, exercicios e supostos da aula virtual, ordenador do alumno.

	Actividade	Descrición	Duración
2	A rendibilidade dos investimentos.	Determinación da solvencia e da rendibilidade dos investimentos.	9

Criterios de avaliación

RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.

CA7.3 - Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.

Contidos

BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos

C7.3 - Avaliación de investimentos e cálculo da rendibilidade.

C7.11 - Valor actual neto dun investimento (VAN).

C7.12 - Método da taxa interna de rendibildade (TIR).

Obxectivos específicos

Evaluar a rendibilidade dos investimentos mediante o VAN o TIR e a taxa de retorno.

Resultados ou produtos

Exercicios e supostos propostos resoltos.

Recursos específicos

Encerado, encerado dixital, apuntamentos, exercicios e supostos propostos na aula virtual, ordenador do alumnado.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Análise económico e financeiro.	Analise e avaliación da situación económica e financeira da empresa.	15

Criterios de avaliación

RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.

CA7.4 - Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmobilizado.

CA7.5 - Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.

CA7.6 - Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.

Contidos

BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos

C7.2 - Punto morto ou limiar de rendibilidade.

C7.4 - Período medio de maduración.

C7.5 - Análise e interpretación dos resultados a curto e a longo prazo.

C7.6 - Análise de estados financeiros da empresa a curto e a longo prazo.

C7.9 - Período medio de maduración.

C7.10 - Fluxos de tesouraría (cash-flow).

C7.13 - Métodos de amortización.

Obxectivos específicos

Coñecer os métodos máis habituais para evaluar a xestión económica e financeira da empresa.

Resultados ou produtos
Exercicios e supostos propostos resoltos.
Recursos específicos
Encerado, encerado dixital, apuntamentos, ordenadores do alumnado, exercicios e supostos propostos.

	Actividade	Descrición	Duración
4	Razóns financeiras e económicas.	Cálculo e interpretación dos ratios financeiros e económicos.	12

Criterios de avaliación

RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.

CA7.7 - Calculáronse as ratios e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados.

CA7.8 - Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das ratios financeiras e para o cálculo da rendibilidade da empresa.

Contidos

BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos

C7.7 - Principais razóns financeiras.

C7.8 - Análise económica: razóns de rendibilidade e eficiencia.

C7.14 - Utilización de aplicacións informáticas para o cálculo de razóns e para a análise económico-financeira da empresa.

Obxectivos específicos

Aplicar as principais razóns financeiras para analizar os estados financeiros da empresa.

Utilizar follas de cálculo para determinar as razóns financeiras e calcular a rendibilidade da empresa.

Resultados ou produtos

Exercicios e supostos propostos resoltos.

Recursos específicos

Encerado, encerado dixital, apuntamentos, ordenadores do alumnado, exercicios e supostos propostos.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Para realizar a avaliación inicial, o alumnado realizará un cuestionario sobre aspectos básicos da empresa e uns exercicios matemáticos. Estas cuestións e os exercicios non son puntuables, a súa función e indicar o nivel do que partimos, ou si dentro do grupo hai niveis diferentes.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**7**	**10**	**22**	**6**	**16**	**18**	**21**
Lista de cotexo	15	45	35	10	0	25	0
Proba escrita	55	50	60	90	70	65	75
Táboa de observación	30	5	5	0	30	10	25

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Lista de cotexo	**18**
Proba escrita	**66**
Táboa de observación	**16**

Procedemento e criterios de cualificación:

MÍNIMOS EXIXIBLES.
O módulo de Xestión Económica e Financieira da empresa está formado por 7 unidades didácticas (UD), para superar positivamente este módulo profesional será necesario superar todos os criterios de avaliación considerados como mínimos exixibles, de todas e cada unha das UD, criterios que aparecen especificados a continuación:
UD 1: Iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas.
CA1.1 Avaliáronse os conceptos de cultura emprendedora e de innovación, e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.
CA1.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.3 Describíronse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.
CA1.4 Identificáronse os principais compoñentes do contexto xeral (económico, social, demográfico e cultural) que rodea a empresa.
CA1.6 Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial.

UD 2: Establecemento da forma xurídica da empresa. Trámites de constitución e posta en marcha.
CA2.2 Avaliáronse as formas xurídicas das empresas.
CA2.4 Seleccionouse, a partir dun estudo comparativo, a forma xurídica máis axeitada, valorando os custos, a responsabilidade e as obrigas xurídicas.
CA2.8 Identificáronse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.
CA2.9 Analizáronse as funcións de sindicatos, comités de empresa, representantes de persoal, inspección de traballo e outras institucións sociais que interveñen no sector correspondente.
CA2.10 Analizáronse as situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos, e o procedemento de concurso de acredores en casos de insolvencia, así como a responsabilidade do empresario.
UD 3: Recursos financeiros da empresa a curto e longo prazo.
CA1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.
CA1.4 Calculáronse os custos e analizáronse os requisitos e as garantías esixidas nas operacións de leasing e renting, para a compra de elementos do inmobilizado, como vehículos e similares.
CA1.5 Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).
CA1.6 Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.
UD 4: Xestións dos activos da empresa.
CA2.1 Determináronse as necesidades de activos da empresa (vehículos, instalacións, maquinaria, etc.) e as subministracións necesarias, en función dos custos e os riscos existentes, e as garantías ofrecidas.
CA2.2 Analizáronse as diferenzas fundamentais entre a compravenda ou o alugamento dos elementos de inmobilizado necesarios para o exercicio da actividade (vehículos, maquinaria, etc.).
CA2.3 Identificáronse as variables dun plan de investimento, diferenciando o financiamento propio e o alleo, e a recuperación dos investimentos a curto e a longo prazo.
CA2.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes dos tipos de mercados de activos, así como os de primeira e segunda man, e de alugamento de vehículos.
UD 5: Elaboración de documentos comerciais, de cobramento e de pagamento.
CA1.2 Identificáronse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.
CA1.3 Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.
CA1.5 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.
UD 6: Proceso contable e fiscal na empresa.
CA1.2 Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.
CA1.3 Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.
CA1.4 Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.
CA1.6 Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.
CA1.7 Identificáronse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e a xestión do IVE.
CA1.10 Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.
UD 7: A rendibilidade dos investimentos da empresa.
CA2.2 Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre o financiamento básico e o do circulante, así como entre os curtos e os longos prazos.
CA2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.
CA2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.
CA2.6 Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.
CA2.7 Calculáronse as razóns e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados, tanto a curto como a longo prazo.
Para avaliar o módulo teranse en conta:
- Probas obxectivas. Para cada unidade didáctica (UD) realizarase unha ou varias probas obxectivas que poderán ser de contido teórico ou de contido teórico e práctico segundo a UD de que se trate.
- Traballos individuais ou en grupo e exposición oral dos mesmos.
- Cuestións, problemas e exercicios, manexo das aplicacións informáticas empregadas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.
Para superar cada UD terase en conta o seguinte:
- A proba obxectiva de cada UD, que poderá ser:
    - de contido teórico. Haberá que acadar os mínimos exixibles da UD para superala.
    - de contido teórico e práctico. A proba terá dúas partes, unha teórica e outra práctica e haberá que acadar os mínimos exixibles para superar a proba correspondente a esa UD, sendo necesario superar os mínimos exixibles en cada unha das partes para facer a media entre ambas.

As probas obxectivas valoraranse de 0 a 10 puntos e ponderaranse nun 60% da nota da unidade didáctica correspondente, sempre e cando se superen os mínimos exixibles, de non ser así, a nota desa UD será únicamente a nota da proba obxectiva.
- Traballos individuais ou en grupo. Valorarase a realización dos mesmos, o contido completo e axustado ao que se pide, a entrega puntual, a orde, limpeza e presentación correcta, a exposición oral (se é o caso) e o traballo en equipo, además da resposta correcta ás preguntas que se lle formulen sobre o traballo.

Valoraranse de 0 a 10 puntos e a súa ponderación será dun 15%, sempre e cando na proba obxectiva se teñan superado os mínimos exixibles establecidos. Se nalgunha unidade didáctica non se propuxeran traballos, esta ponderación pasaría a contarse nas probas obxectivas.
- Cuestións, problemas e exercicios propostos. Valorarase a realización dos mesmos no tempo asignado na sesión correspondente, a entrega puntual, a orde, limpeza e presentación correcta, os métodos que emprega o alumno ou a alumna para resolvelos, o ritmo de traballo, o tempo que emprega, a forma de resolver as dificultades que atopa, e a destreza no manexo das aplicacións informáticas empregadas.

A valoración será de 0 a 10 puntos e será ponderada nun 25%, sempre e cando na proba obxectiva se teñan superado os mínimos exixibles establecidos.
A nota da UD será, polo tanto, a suma das notas ponderadas obtidas na proba obxectiva, nos traballos e nos exercicios, tendo en conta que a suma se realizará sempre que na proba obxectiva se superen os mínimos exixibles, de non ser así, a nota da UD será únicamente a nota da proba obxectiva.
Cando un alumno ou alumna non poida realizar una proba obxectiva na fecha sinalada, poderá facelo nunha única data no que se farán todas as probas pendentes, sempre e cando o alumnado afectado teña un motivo xustificado documentalmente. A proba levarase a cabo antes da avaliación parcial correspondente.

Para superar cada avaliación terase en conta o seguinte:
En cada avaliación a materia quedará superada se o alumno ou alumna supera os mínimos considerados exixibles en cada unha das probas obxectivas realizadas. De ser así, a nota da avaliación será a media aritmética ponderada das notas das UDs impartidas en cada avaliación, tendo en conta que a ponderación indicada no apartado 2.1 haberá que adaptala en función da materia impartida en cada avaliación, posto que dita ponderación é para o 100% da materia.
No caso de que nalgunha proba obxectiva non se logre superar os mínimos exixibles, non se poderá facer a media aritmética ponderada, posto que non se considerará superada a avaliación. Neste caso, a nota da avaliación sería un 4 ou una nota inferior e tería que recuperarse a UD suspensa na proba obxectiva de recuperación ou, de ser o caso, na final.
Para superar o módulo:
A NOTA FINAL do módulo será a media aritmética poderada das notas obtidas nas distintas unidades didácticas, según o peso, en porcentaxe, asignado a cada unha, porcentaxe que figura no apartado 2.1: UD1 (7%), UD2 (10%), UD3 (22%), UD4 (6%), UD5 (16%), UD6 (18%), UD7 (21%).
Para superar o módulo é necesario ter aprobadas todas as unidades didácticas, é dicir, ter superados todos os mínimos exixibles das UDs. Cando un alumno ou alumna teña unha ou varias UDs suspensas terá que recuperar na proba obxectiva final (superar os mínimos exixibles) as probas obxectivas que teña suspensas. Unha vez superadas estas probas, calcularase a nota final do módulo facendo a media aritmética ponderada das notas das unidades didácticas. No caso de que algunha proba obxectiva non sexa superada o módulo quedará suspenso.

Procedemento e criterios de recuperación

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS.
Para que o alumnado que suspenda unha avaliación poida recuperala, poderase realizar una proba obxectiva de recuperación de cada avaliación (normalmente ao comenzo da seguinte), na que cada un deberá recuperar só as unidades ou as partes das mesmas que non teña aprobadas, para recuperalas deberá superar os mínimos considerados como exixibles en cada UD.
Despois da terceira avaliación e antes da avaliación final realizarase unha proba obxectiva final na que os alumnos e alumnas que teñan o módulo suspenso ou que teñan unha ou varias unidades didácticas suspensas, poderán recuperalas.
Cada alumno ou alumna terá que recuperar só aquelas unidades didácticas ou partes das mesmas que haxa

suspendido. Para preparar a proba, na semana de actividades de recuperación, cada alumno poderá resolver dúbidas e realizará exercicios e cuestión das unidades que teña suspensas.
A proba obxectiva final constará dunha parte teórica e outra práctica, e para aprobala será necesario superar os criterios considerados como mínimos exixibles en cada unha das partes (o alumno ou alumna que teña que recuperar unidades didácticas soltas, deberá acadar os mínimos exixibles de cada unha para recuperalas). A valoración da proba será de 0 a 10 puntos.
O alumnado que estea en 2º curso con este módulo pendente, realizará unha proba obxectiva final, que tamén constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario superar os criterios considerados como mínimos exixibles en cada unha das partes. A valoración de cada parte da proba será de 0 a 10 puntos e a nota final obtida no módulo será a media aritmética de ambas. Además deberá realizar os problemas, exercicios, cuestións e os traballos que a profesora lle indique na aula virtual e/ou nas reunións celebradas ao longo do curso para organizar o traballo e a materia de cara á preparación da proba, que lle facilitarán a preparación da mencionada proba.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que estea en 2º curso con este módulo pendente, realizará unha proba obxectiva final, que tamén constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario superar os criterios considerados como mínimos esixibles en cada unha das partes. A valoración de cada parte da proba será de 0 a 10 puntos e a nota final obtida no módulo será a media aritmética de ambas. Además deberá realizar os problemas, exercicios, cuestións e os traballos que a profesora lle indique na aula virtual ao longo do curso, que lle facilitarán a preparación da mencionada proba.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Cando un alumno ou alumna perda o dereito a avaliación continua por ter un total de faltas de asistencia non xustificadas superior ao 10% do total do horario do módulo (neste caso máis de 21 sesións con faltas sen xustificar) non poderá presentarse ás probas obxectivas correspondentes ás distintas unidades didácticas e perderá as cualificacións parciais daquelas probas que xa tivera realizado. De ser este o caso, o alumno ou alumna será avaliado mediante unha proba extraordinaria sobre toda a materia descrita nesta programación do módulo. Dita proba terá unha parte teórica e outra práctica, cada parte será valorada de 0 a 10 puntos e para superar a proba final será necesario superar todos os mínimos considerados como esixibles en cada parte. A cualificación que obterá o alumno será a nota media das notas de cada parte. A proba obxectiva final será realizada antes da avaliación final do módulo.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo educativo serán:
- atención personalizada na aula, tarefas de repaso, de reforzo e de profundización adaptadas aos alumnos que as necesiten, seguemento da realización desas tarefas por parte do profesor/a para detectar as dificultades e ver a evolución do alumno/a, traballos individuais.
- para aquel alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), teranse previstas as adaptacións e medidas necesarias, nos recursos didácticos, a organización do espazo na aula, as actividades de ensinanza-aprendizaxe e de avaliación, sempre co asesoramento e as recomendacións do Departamento de Orientación.

8.1. Programación da educación en valores.

Un conxunto de criterios básicos para a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe son os referidos ás actitudes e valores personales e profesionales que se esperan del Técnico Superior en Comercio Internacional como profesional. Polo tanto, á hora de avaliar o proceso de aprendizaxe e o de ensinanza se terá en conta o respecto, tanto por parte do profesor como do alumnado, das seguintes actitudes:
-Manifestar tolerancia cara ás opinións dos demáis, utilizando a empatía como forma de comprensión da súa posición e colaborar na resolución de conflitos que poidan darse nas relacións persoais e sociais.
-Respectar e levar a cabo as decisións do equipo de traballo, mediante a participación activa nas actividades comúns.
-Responsabilizarse das accións encomendadas, manifestando rigor na súa planificación e desenvolvemento, pero sabendo tamén modificar a súa intervención e ser flexible cando a situación así o require.
-Adaptarse ao ritmo e evolución das persoas e grupos cos que traballa, respectando o seu desenvolvemento e autonomía.
-Valorar a reflexión e a crítica como instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento profesional e para o desenvolvemento das intervencións emprendidas.
-Manifestar interese pola investigación e a formación permanente.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Serán as acordadas polo Departamento tanto ao comezo do curso como as que xurdan ao longo do mesmo: conferencias, visitas a empresas e aos portos de Vigo e Marín, videoconferencias, asistencia a feiras, eventos, etc.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación do módulo realizarase cunha frecuencia mínima mensual. Reflectirase o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. ao final de curso realizarase unha valoración global do seguemento da mesma.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3COM000300 - Xestión de vendas e espazos comerciais	A

Módulo
MP1709 - Itinerario persoal para a empregabilidade I (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
4	107	50	128	128

Profesorado responsable

Docentes
Iravedra Díaz, Elena María

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 4

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 14

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 35

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 36

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 37

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 37

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 38

8.1. Programación da educación en valores. 38

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 38

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 39

11.1. Outros apartados. 39

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A finalidade deste módulo é a de contribuír a que o alumnado coñeza as variables individuais que pode desenvolver ao longo da vida e que redunden na mellora da súa empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioprodutivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente, que se pretende que o alumnado coñeza.

O módulo profesional de Itinerario persoal para a empregabilidade I, dos ciclos de grao superior, terá como finalidades establecidas na resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26.

a) Coñecer as variables individuais que se poden desenvolver ao longo da vida e que contribuirán á mellora da empregabilidade, así como as posibilidades de inserción laboral nun contorno socioprodutivo que, malia estar en constante cambio, debe garantir sempre unhas condicións laborais fundamentadas na normativa laboral e sectorial vixente.
b) Coñecer os itinerarios formativos e profesionais que axuden ao alumnado a adaptar o proceso de aprendizaxe ás súas vocacións, ás súas necesidades e aos seus intereses propios de cara á súa futura inserción laboral ou para continuar coa súa formación.
c) Adquirir as competencias necesarias para a desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.
As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:
- Uso de distintos métodos que favorezan no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo, con perspectiva de xénero.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado e resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Manexo de diferentes fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao perfil profesional do ciclo formativo cursado.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade e do espírito científico.
- Desenvolvemento dunha perspectiva teórico-práctica que suscite o coñecemento de xeito gradual e iterativo.
- Estudo das condicións de traballo do sector profesional en que se encadre o ciclo formativo cursado a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector correspondente.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita ao alumnado a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- Afondamento do alumnado nos contidos e nas competencias de xeito que reforce a súa adquisición progresivamente e sexa quen de empregalos para elaborar os plans que forman o proxecto persoal, académicoprofesional e de aproximación á procura activa de emprego.
O correcto desenvolvemento deste módulo exixe:
- Procura, manexo e procesamento da información dispoñible nas fontes oficiais, polo que se fai imprescindible dispor de computadores conectados á internet na aula.
- Fomento de espazos de comunicación e participación na aula, que han contribuír ao desenvolvemento de actitudes e aptitudes relevantes para a súa inserción laboral.
- Promoción da aprendizaxe autónoma, esencialmente co uso e o aproveitamento das ferramentas e dos recursos didácticos dixitais dispoñibles.
- Traballo coordinado co profesorado dos módulos profesionais do ciclo, sinaladamente para a abordaxe dos contidos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Deseño de contido curricular contextualizado ao contorno produtivo e socioeconómica do título, e considerando as perspectivas de futuro deste.
- Elaboración de actividades eminentemente prácticas que supoñan un grao correcto de desafío para xerar ideas e reforzar habilidades que redunden na mellora da empregabilidade do alumnado.
- Facilitación da interacción cos organismos oficiais relacionados co ámbito laboral, co emprego, coa seguridade e a saúde laboral, e coa protección social, entre outros.
- Secuenciación dos contidos de xeito que o alumnado se poida incorporar ao período de formación na empresa ou no

organismo equiparado en condicións de seguridade.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
Unidade formativa MP1709_12 - Prevención de riscos laborais				
1	A saúde laboral		20	34
2	Xestión da prevención		20	26
Unidade formativa MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais				
1	Relacións laborais		10	20
2	Organización do traballo e Remuneración		10	12
3	Contratos laborais		10	8
4	Seguridade Social		10	8
5	Orientación profesional		20	20

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_12 - Prevención de riscos laborais

UD	Título da UD	Duración
1	A saúde laboral	34

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.		
CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.		
CA1.1.2 - Identificáronse as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.	PE	5

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.1.3 - Identifícáronse e clasificáronse os factores de risco.	PE	40
CA1.2 - Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.		
CA1.2.1 - Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.	LC	25
CA1.2.2 - Analizáronse os danos profesionais relacionados co perfil profesional do título.	LC	5
CA1.5 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.	PE	10
CA1.8 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.	PE	5
CA1.10 - Identifícáronse os conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Relación entre traballo e saúde.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Marco normativo.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

UD	Título da UD	Duración
2	Xestión da prevención	26

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.		
CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.		
CA1.1.1 - Analizóuse o concepto de cultura preventiva e valorouse a súa importancia en todos os ámbitos e actividades da empresa ou do organismo equiparado relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	PE	1
CA1.3 - Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.	PE	25
CA1.4 - Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	PE	20
CA1.6 - Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos.	LC	30
CA1.7 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste.		
CA1.7.1 - Identificáronse as características e o contido dun plan preventivo.	PE	5
CA1.7.2 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	PE	1
CA1.9 - Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.		
CA1.9.1 - Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos.	PE	8
CA1.9.2 - Identificouse a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.	PE	5
CA1.11 - Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Principais técnicas de prevención.
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.
Composición da caixa de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais

UD	Título da UD	Duración
1	Relacións laborais	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.		
CA4.1.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral.	PE	5
CA4.2 - Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.2.1 - Comparáronse as principais modalidades de contratación	PE	30
CA4.2.2 - Localizáronse os modelos de contratos de contratos de traballo nas fontes oficiais.	LC	2
CA4.8 - Identificáronse os elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.	LC	10
CA4.9 - Identificáronse as medidas de fomento da contratación.	LC	8
CA4.10 - Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras.	PE	20
CA4.11 - Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	LC	10
CA4.12 - Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Dereito do traballo.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise da relación laboral individual.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos na empresa.

UD	Título da UD	Duración
2	Organización do traballo e Remuneración	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na		

Criterios de avaliación	IA	%
normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.3 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo.		
CA4.3.1 - Delimitáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo.	LC	10
CA4.3.2 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo.	PE	10
CA4.4 - Identificáronse os compoñentes do recibo de salario.	LC	20
CA4.13 - Analizáronse as principais condicións de traballo recollidas na lexislación laboral.	PE	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.
Retos laborais derivados da contorna dixital.
Análise do recibo de salario e das súas partes.

UD	Título da UD	Duración
3	Contratos laborais	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.		
CA4.1.2 - Analizáronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.	LC	10
CA4.5 - Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.5.1 - Identificáronse as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.	PE	70
CA4.5.2 - Analizáronse os recursos laborais existentes ante as posibles vicisitudes da relación laboral.	LC	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

UD	Título da UD	Duración
4	Seguridade Social	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.		
CA4.6 - Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	LC	5
CA4.7 - Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.		
CA4.7.1 - Caracterizáronse as principais prestacións contributivas.	PE	50
CA4.7.2 - Identificáronse as prestacións derivadas da extinción da relación laboral.	LC	10
CA4.14 - Determináronse as principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de Seguridade Social.	LC	5
CA4.17 - Delimitouse a estrutura do sistema de Seguridade Social.	LC	10
CA4.18 - Realizouse o cálculo da contía dalgunhas prestacións de nivel contributivo en supostos prácticos sinxelos.	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Seguridade Social e estado do benestar.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.

UD	Título da UD	Duración
5	Orientación profesional	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título.		
CA1.1 - Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.	LC	5
CA1.2 - Compáraronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado.	LC	2
4	Estudo do cliente obxectivo.	A través das explicacións da profesora, darase a coñecer ao alumnado o concepto de segmentación de mercado e as diferentes estratexias de segmentación, a fin de poder identificar ao cliente obxectivo. Unha vez identificado, o alumnado en pequeno grupo identificará as características concretas do seu cliente obxectivo.	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.

CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.7 - Realización de entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

C4.8 - Validación da solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.

C4.9 - Experimentación coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

Obxectivos específicos

Identificar e analizar o noso cliente obxectivo.

Coñecer as diferentes estratexias de segmentación do mercado.

Resultados ou produtos

Mapa de empatía do cliente.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

UD	Título da UD	Duración
5	Proxecto emprendedor	7

	Actividade	Descrición	Duración
1	Explorando o Emprendemento.	As empresas simuladas realizan unha investigación guiada para descubrir que significa emprender hoxe, que é un proxecto de innovación social e que exemplos destacados existen en Galicia, España e o mundo.Nesta actividade o alumnado analizará os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social, así como os valores éticos, a sostibilidade, o impacto ambiental e a dixitalización no proxecto emprendedor. O obxectivo é comprender que emprender hoxe implica non só crear unha empresa, senón tamén xerar valor social e ambiental, utilizando a tecnoloxía como ferramenta para innovar e mellorar a sociedade.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.

Obxectivos específicos

Comprender os conceptos fundamentais de emprendemento e innovación social.

Resultados ou produtos

Infografía Que é emprender hoxe con exemplos de innovación social.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Liderado Ético e sostible.	Reflexionar sobre a importancia do liderado ético, sostible e transparente nas organizacións actuais.	1

	Actividade	Descrición	Duración
2	Liderado Ético e sostible.	Nesta actividade, o alumnado reflexionará sobre a importancia do liderado ético e sostible nas organizacións e sobre o papel da tecnoloxía como motor de cambio no modelo produtivo. A actividade promove a conciencia sobre os valores éticos, a responsabilidade social e a innovación tecnolóxica, fomentando a capacidade de liderar proxectos de forma colaborativa, sostible e orientada ao impacto positivo na sociedade.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.2 - A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.

C5.9 - Liderado ético e sostible nas organizacións.

Obxectivos específicos

Reflexionar sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

Analizar como a tecnoloxía pode transformar o modelo produtivo e apoiar proxectos innovadores.

Resultados ou produtos

Carta de valores e liderado ético da empresa simulada.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Tecnoloxía Transformadora: Cara a Novos Modelos Produtivos.	Comprender como a tecnoloxía está a transformar sectores produtivos e modelos de negocio.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

Obxectivos específicos

Aplicar os principios e procesos do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

Xerar propostas de solución innovadoras baseadas nas necesidades identificadas.

Resultados ou produtos

Miniinforme sobre a tecnoloxía elixida e a súa aplicación no proxecto da empresa.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
4	Modelos de Negocio Ecosociais.	Os equipos realizan un proceso guiado de Design Thinking centrado nun problema real da comunidade educativa, do barrio ou dos clientes potenciais da súa empresa.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

C5.5.1 - Elementos e fases do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou tecnolóxicos.

C5.5.2 - Integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos.

C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

Obxectivos específicos

Identificar os elementos fundamentais dun modelo de negocio sostible e tecnolóxico.

Integrar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos modelos de negocio do proxecto.

Investigar las opciones finalmente sostenibles

Resultados ou produtos

Prototipo + panel de Design Thinking do proxecto.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
5	Viabilidade do proxecto.	Analizarase a viabilidade económica do proxecto: plan de producción, análise de costes, previsión de inversión e gastos iniciais.	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.

CA5.7.1 - Estimáronse custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

CA5.7.2 - Avaliáronse a viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.7 - Avaliación da viabilidade técnica, económica e social do proxecto emprendedor.

C5.8 - Custos, recursos e fontes de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

Obxectivos específicos

Aplicar ferramentas para avaliar a viabilidade técnica do proxecto, considerando recursos e capacidades dispoñibles.

Estimar custos, identificar recursos e fontes de financiamento socialmente responsables para a posta en marcha do proxecto.

Avaliar a viabilidade económica e social do proxecto emprendedor.

Resultados ou produtos

Díptico. Finanzas con Impacto.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

	Actividade	Descrición	Duración
6	Posta en marcha do proxecto.	Identificar os axentes implicados e planificar a comunicación e difusión do proxecto en redes e espazos sociais.	2

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.9 - Defiríronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.

CA5.9.1 - Identificáronse as partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.4 - Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.

Obxectivos específicos

Identificar e clasificar os axentes e partes interesadas no proxecto emprendedor.

Utilizar ferramentas dixitais e redes sociais de forma responsable para dar visibilidade ao traballo do grupo.

Resultados ou produtos

Presentación proxecto.

Recursos específicos

Empregaranse ordenador, conexión a internet, proxector, pizarra dixital e ferramentas en liña.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial ten como finalidade identificar a situación de partida do alumnado co obxecto de axustar a intervención docente ás súas características, necesidades e coñecementos previos. Este proceso realizarase durante as primeiras sesións do módulo e permitirá planificar medidas de apoio, reforzo ou enriquecemento, garantindo unha aprendizaxe máis eficaz e inclusiva.
1. Recollida de información previa: Entrevista inicial co alumnado, na que se lles preguntará pola súa traxectoria previa.
2. Proba diagnóstica inicial: Durante as primeiras semanas de clase observaráse a capacidade de traballo en equipo e de comunicación. Asemade, realizaránse pequenas probas que permitirán valorar: o dominio dos contidos

fundamentais de IPE I. Estas probas non terán carácter cualificador, senón exclusivamente orientador. Posteriormente toda esta información será transmitida e posta en común na xunta de avaliación inicial.
3. Análise e toma de decisións docentes: Unha vez recollida toda a información, elaboraranse conclusións que permitirán:
• Adaptar a secuenciación dos contidos ás necesidades detectadas.
• Establecer grupos de traballo equilibrados.
• Propoñer actividades de reforzo para o alumnado con dificultades nos conceptos fundamentais.
• Deseñar actividades de ampliación para quen demostre un nivel previo elevado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**20**	**100**
Lista de cotexo	50	50	50	50	50	**50**
Táboa de observación	50	50	50	50	50	**50**

Procedemento e criterios de cualificación:

A cualificación dos alumnos realizarase por unidades de traballo aplicando as cualificacións das probas e dos instrumentos de avaliación, ponderados axeitadamente. É convinte que as probas e instrumentos de avaliación se dividan en grupos de cualificación, coa finalidade de realizar ponderacións racionais e xustas. Estes grupos terán un carácter aberto, variable e flexible ó longo do curso, informando sempre con antelación debida ó alumnado e deixando a tal efecto constancia nas actas do departamento de cara ás programacións dos seguintes cursos. Os grupos de cualificación serán probas escritas e orais e presentación de traballos e casos prácticos. A cualificación global dunha unidade ou bloque de unidades será o resultado de aplicar a media aritmética ponderada ás notas particulares de todos estes grupos de cualificación. Esta media ponderada dará lugar á nota final de cada avaliación parcial. A cualificación final do módulo obteráse mediante a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas. Tanto os criterios de avaliación, como os de cualificación e as actividades de recuperación serán dados a coñecer ao alumnado os primeiros días de clase en fomato papel e/ou electrónico na web do centro.
Na avaliación ordinaria do módulo, todas as probas e traballos que se realicen durante o curso serán cualificadas co código de notas numérico convencional, con valoración do 1 ao 10, situándose o aprobado no 5. Será necesario acadar un mínimo dun 5 en cada unha das probas escritas se as houbere, para que sexa posible facer as notas medias entre elas.
Instrumentos de avaliación: Táboa de observación, lista de cotexo e proba escrita.
Criterios de cualificación. As cualificacións das avaliacións parciais basearáse na media ponderada das actividades encomendadas sendo preciso acadar un mínimo na media de todas elas. Inicialmente non está prevista a realización de proba escrita por ser contidos prácticos de desenvolvemento persoal de competencias sociais e emprendedoras. Se finalmente fora preciso realizar algún exame ou proba escrita de contidos, esixirase acadar como mínimo un 4 nesta proba para facer media aritmética coas restantes tarefas prácticas correspondentes a cada avaliación.
• En cada unha das avaliacións comprobarase o correcto desenvolvemento das tarefas, que poderán ser individuais o grupais e que deberán adecuarse ás instruccións facilitadas pola profesora para cada unha delas. As tarefas presentadas fóra de prazo ou por vía diferente á requerida pola profesora non se valorarán, e terán o carácter de NON PRESENTADO e polo tanto terán a calificación de 0.
• Como criterio xeral, para a cualificación das probas, teráse en conta a limpeza e o coidado na presentación, a orde e claridade nas respostas, o emprego con propiedade do vocabulario específico do módulo e a falta de erros ortográficos. Unha mala presentación no exame, a falta de coherencia na expresión ou a reiteración de erros

ortográficos descontarán 1 punto da nota desa tarefa ou proba.
A cualificación final do módulo obterase mediante a media aritmética das cualificacións parciais.

Procedemento e criterios de recuperación

O alumnado que non supere nigunha ou algunha das avaliacións parciais, poderá seguir as medidas que se describen a continuación:
• Actividades de recuperación para o alumnado que non supere o módulo antes do período de F.C.T.: Antes do remate da 2ª avaliación parcial, o alumnado que teña algunha unidade pendente terá a oportunidade de recuperar as partes non superadas a través da realización das actividades de recuperación que correspondan, segundo os contidos non aprobados. As devanditas probas poderán consistir en probas escritas, casos prácticos e/ou a elaboración e presentación de traballos.
• O alumnado que non supere o módulo antes da proposta de F.C.T., seguirá un plan de actividades de recuperación, do cal será informado a través dun informe individualizado. A tal efecto, as actividades de recuperación terán lugar durante o período de FCT do 2º curso (febreiro-xuño), durante o cal se lle asignarán unhas horas de titoría para resolver dúbidas e aclarar conceptos. Neste suposto, a recuperación tería lugar antes da avaliación final de módulos e consistirá nunha única proba escrita que versará sobre todos os contidos do módulo. Para superar o módulo será requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco nesta proba.
Actividades de recuperación: Terán un carácter de síntese, incluíndo aquelas actividades que precisen reincidencia, a modo de recuperación. A variedade de actividades irá en función das necesidades de formación e repaso dos alumnos/as que non acadaron os mínimos para unha avaliación positiva, ao longo do curso.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

1. O alumnado con materias pendentes terán a súa disposición un aula virtual onde se lle indicarán as instrucción a seguir para a recuperación trimestre a trimestre da materia que teñan pendente. Este é o primeiro ano de docencia de IPE II polo que nos atoparemos coa situación de que non teremos alumnos neste caso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que teña un total de faltas de asistencia inxustificadas superior ao 10 % da duración total do módulo perderá o dereito á avaliación continua.
Para este alumnado, realizaráse unha proba escrita extraordinaria antes da segunda avaliación parcial, e a cualificación obtida reflectirase na correspondente sesión de avaliación.
A tal efecto, este alumnado será avaliado mediante unha única proba escrita obxectiva sobre toda a programación do módulo. A nota final formaráse únicamente coa nota desta proba escrita e deberá ser igual ou superior a 5 para poder superar o módulo.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

No caso de que algún alumno ou alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, expoñerase a situación na reunión do equipo docente do ciclo para decidir, por consenso, as medidas necesarias. Estas medidas de reforzo educativo consistirán principalmente na atención individualizada e na asignación de tarefas específicas deseñadas para o alumnado que o precise. Ademais, cando resulte necesario, coordinarase co departamento de orientación a adopción de medidas extraordinarias que permitan atender adecuadamente as necesidades particulares do alumnado.

8.1. Programación da educación en valores.

A LOFP contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade social, a cidadanía democrática, a inclusión e cohesión social, a tolerancia, a igualdade, a sostibilidade e a ética, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común. Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.
Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, o 8 de marzo, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.
Valores que deben ser transmitidos de forma transversal:
• Día do emprendedor, prestarase atención á celebración de actos na localidade organizados por entidades empresariais, cámara de Comercio, Asociacións de emprendedores, etc, para fomentar o encontro con persoas dedicadas ao mundo do negocio, que poidan transmitir experiencias no campo da creación de empresas. • Educación ambiental, relacionada coas cuestións de desenvolvemento respectuoso co medio, xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
• Educación para a Saúde, presente en todos os ámbitos da vida: fabricar produtos sans, importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.
- Educación para a saúde mental e social: a importancia da intelixencia emocional e os contornos de traballo socialmente sans, valoración positiva da tolerancia, o respeto e o coidado polos compañeiros. - Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

O alumnado participará en cantas charlas, visitas e actividades acorde como de utilidade o departamento de FOL, co consentimento da directiva do centro. Propóñense como exemplos (sempre que a dispoñibilidade de horario, organización e presuposto así o permitan):
• Participación no Plan Eduemprende.
• Actividades de orientación para a empregabilidade (currículum, entrevista de traballo, etc) Actividade Ponte ao Choio. Actividade organizada polo Concello de Pontevedra.

• Actividades e obradoiros para traballar as habilidades blandas.
• Encontros con antigos alumnos, para traballar a orientación profesional e o networking

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O procedemento para o seguimento da programación didáctica vertebraráse a través das seguintes canles:
• O seguimento da programación docente realizarase semanalmente de maneira individual, contrastando as actividades previstas coa dinámica diaria das clases. Utilizarase un diario de clase onde se anotarán actividades realizadas diariamente así como as reflexións que xurdan con fin de mellorar a práctica docente. • Mensualmente, este seguimento quedará recollido na aplicación Proens, onde se indicarán, de ser necesario, as modificacións efectuadas. Calquera cambio será tamén tratado nas reunións do departamento e quedará reflectido nas correspondentes actas, así como na memoria final de curso.
• Para a avaliación da práctica docente e coa finalidade de introducir medidas de mellora, solicitarase ao alumnado a súa valoración sobre distintos aspectos, como a metodoloxía empregada.
• Así mesmo, teranse en conta os resultados académicos obtidos.
Os criterios para avaliar as programacións serán:
• O control do seu cumprimento
• O estudo das modificacións oportunas
• O grao de aprendizaxe atinxido polo alumnado, estudando os resultados académicos para ver si se axustou ó seu nivel
• A adecuación da secuenciación e temporalización de contidos
• E todos cantos o equipo docente do departamento estime oportunos para a avaliación da súa propia práctica.

11.1. Outros apartados.

1. 1. Aula Virtual IPE II.

Cando unha tarefa exixa presentación telemática, utilizarase de xeito habitual o curso aberto na Aula Virtual do centro IPE2 na que está matriculado todo o alumnado.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3COM000300 - Xestión de vendas e espazos comerciais	A

Módulo
MP0929 - Técnicas de venda e negociación (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
5	138	50	166	86

Profesorado responsable

Docentes
Penas Nogueira, Noelia, Caamaño Rivas, Alejandra

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 13

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 27

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 28

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 29

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 29

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 29

8.1. Programación da educación en valores. 30

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 30

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 30

11.1. Outros apartados. 30

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O Decreto 50/2016, do 7 de abril establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de vendas e espazos comerciais. O perfil profesional do devandito título determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.
O artigo catro do devandito decreto recolle a competencia xeral que consiste en "definir e efectuar o seguimento das políticas de márketing baseadas en estudos comerciais, e en promocionar e publicitar os produtos e/ou servizos nos medios e nos soportes de comunicación axeitados, elaborando os materiais publipromocionais necesarios".
O artigo cinco do mesmo decreto recolle as competencias profesionais, persoais e sociais. O módulo de Técnicas de venda e negociación centrase na seguinte:
g) Elaborar o plan de vendas e xestionar a comercialización e a venda de produtos e/ou servizos e a atención á clientela, aplicando as técnicas de venda e negociación adecuadas a cada canle de comercialización, para conseguir os obxectivos establecidos no plan de
márketing e lograr a satisfacción e a fidelización da clientela.
O artigo sete fai referencia á contorna profesional. Concretamente, na cidade de Pontevedra e a súa contorna existen empresas de diferentes sectores produtivos ademais de establecementos comerciais onde desenvolver as ocupacións e postos de traballo máis salientables, recollidas no punto 2 do devandito artigo:

- Xefe/a de vendas
- Representante comercial
- Axente comercial
- Encargado/a de tenda
- Encargado/a de sección dun comercio
- Vendedor/ora técnico/a
- Coordinador/ora de comerciais
- Supervisor/ora de telemárketing
- Merchandiser
- Escaparatista comercial
- Deseñador/ora de espazos comerciais
- Responsable de promocións no punto de venda
- Especialista en implantación de espazos comerciais.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Estratexias comerciais e plans de venda		10	8
2	Xestión do proceso de venda do produto ou servizo		12	12
3	Mellora da xestión comercial		10	8
4	Dispoñibilidade de produtos e prestación de servizos		10	8
5	Planificación das vendas		21	20
6	Negociación comercial		25	20
7	Xestión das relacións coa clientela		12	10

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Estratexias comerciais e plans de venda	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Obtén a información necesaria para definir estratexias comerciais e elaborar o plan de vendas, organizando os datos recollidos desde calquera dos sistemas de información dispoñibles.		
CA1.1 - Identificáronse as fontes de datos internas e externas que proporcionan información útil para a definición das estratexias comerciais da empresa	OU: Rúbrica	20
CA1.2 - Elaboráronse os patróns que vaian utilizar os membros do equipo de vendas para a recollida de información relativa á actividade comercial da empresa	OU: Rúbrica	20
CA1.3 - Organizouse a información do SIM, o briefing do produto ou servizo, a rede de vendas e da aplicación de xestión das relacións coa clientela (CRM).	OU: Rúbrica	10
CA1.4 - Interpretouse a normativa legal comunitaria, estatal, autonómica e local que regula a comercialización de produtos, servizos e marcas	OU: Rúbrica	10
CA1.5 - Analizouse a información relativa aos produtos ou servizos da propia empresa e os da competencia, aplicando criterios comerciais	OU: Rúbrica	10
CA1.6 - Organizouse a información obtida da clientela e da rede de vendas, utilizando a ferramenta informática dispoñible e garantindo a confidencialidade e a protección de datos	OU: Rúbrica	10
CA1.7 - Confeccionáronse os ficheiros mestres de clientela real e potencial, cos datos máis salientables de cada persoa, utilizando a aplicación informática axeitada	OU: Rúbrica	10
CA1.8 - Mantívose actualizada a base de datos da clientela, incorporando a información salientable de cada contacto comercial	OU: Rúbrica	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Obtención da información necesaria para a definición de estratexias comerciais e a elaboración do plan de vendas
Fontes de información internas e externas.
Información sobre o mercado, o contorno e a competencia.
Información sobre a empresa e as actividades comerciais.
Información salientable sobre o produto, servizo ou gama de produtos.
Información sobre a actividade comercial da empresa. Sistema de vendas.
Información obtida da clientela: procedementos de obtención.

Contidos
Información obtida dos comerciais e a rede de vendas: métodos de obtención.
Elaboración de ficheiros de clientela actual e potencial.
Actualización e mantemento de bases de datos da clientela.

UD	Título da UD	Duración
2	Xestión do proceso de venda do produto ou servizo	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Xestiona o proceso de venda do produto ou do servizo, utilizando as técnicas de venda e pechamento adecuadas, de acordo co plan de vendas e dentro das marxes de actuación establecidas pola empresa.		
CA5.1 - Identificáronse as fases do proceso de venda dun produto ou servizo e as accións que cumpra desenvolver, en función da forma de venda e das características da clientela	PE	40
CA5.2 - Identificouse a clientela actual e potencial utilizando diferentes medios e técnicas de prospección e procura de clientela.	PE	30
CA5.3 - Utilizáronse as técnicas de comunicación habituais (correo, teléfono, correo electrónico, etc.) para contactar coa clientela, enviar información e concertar a entrevista de vendas	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Xestión do proceso de venda do produto e servizo
Métodos ou formas de venda: tradicional, autoservizo, sen tenda, en liña, etc.
Venda persoal: función do/a vendedor/ora.
Comunicación nas relacións comerciais: información e comunicación.
Proceso de comunicación: elementos. Dificultades na comunicación.
Tipos de comunicación: interna e externa, formal e informal, verbal e non verbal.
Comunicación verbal (normas para falar en público), telefónica (uso das novas tecnoloxías), escrita e non verbal.
Proceso de venda: fases.
Métodos de prospección e procura de clientela.
Venda complexa e xestión das grandes contas.
Venda electrónica, telefónica e a grupos.

UD	Título da UD	Duración
3	Mellora da xestión comercial	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Identifica novas oportunidades de negocio que contribúan a optimizar a xestión comercial da empresa, aplicando os procedementos e as técnicas de análise adecuadas.		
CA2.1 - Consultáronse as fontes de información comercial en liña e offline dispoñibles para obter datos relativos á imaxe corporativa da empresa, ao volume de vendas e ao produto ou a gama de produtos que comercializa	OU: Rúbrica	10
CA2.2 - Analizouse a evolución das vendas por zonas, clientela ou segmentos de mercado, produtos, marcas ou liñas de produtos, calculando cotas de mercado, tendencias e taxas de crecemento ou descenso	OU: Rúbrica	10
CA2.3 - Calculouse a rendibilidade de produtos ou servizos a partir dos custos e o punto morto	OU: Rúbrica	10
CA2.4 - Identificáronse os puntos fortes e débiles do plan de actuación coa clientela, en función das características desta, do potencial de compra e dos pedidos realizados	OU: Rúbrica	10
CA2.5 - Comparouse a oferta e a demanda de produtos para determinar o grao de saturación do mercado, a existencia de produtos substitutivos e as innovacións tecnolóxicas no sector	OU: Rúbrica	20
CA2.6 - Realizouse unha análise comparativa das características e as utilidades dos produtos, e das accións comerciais, publicitarias e promocionais desenvolvidas, tanto pola empresa como pola competencia	OU: Rúbrica	20
CA2.7 - Analizáronse as oportunidades de mercado da empresa, aplicando técnicas de análise axeitadas, co fin de identificar novos nichos de mercado	OU: Rúbrica	10
CA2.8 - Detectáronse nichos de mercado desabastecidos ou insatisfeitos onde a empresa poida ter oportunidades, analizando o perfil da clientela real e potencial, o volume e a frecuencia de compra, o potencial de compra, o grao de fidelidade á marca e a capacidade de diferenciación do produto	OU: Rúbrica	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Identificación de novas oportunidades de negocio que contribúan a mellorar a xestión comercial da empresa
Análise da evolución das vendas: por zonas xeográficas, por tipo de clientela, por segmentos de mercado, e por produtos, marcas ou liñas de produtos.
Cálculo da rendibilidade de produtos, liñas ou gamas, a partir dos custos e o punto morto.
Análise comparativa dos produtos propios e dos da competencia, aplicando criterios comerciais.
Comparación da oferta e a demanda de produtos.
Análise da estrutura do mercado: mercado actual e potencial.
Análise das oportunidades de mercado: análise interna e externa; análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), e análise do ciclo de vida do produto. Mapas de colocación do produto.

Contidos
Análise dos segmentos de mercado atractivos para a empresa. Perfil da clientela real e potencial. Tipoloxía da clientela.
Estratexias comerciais de produto segundo distintos criterios.

UD	Título da UD	Duración
4	Dispoñibilidade de produtos e prestación de servizos	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Xestiona a información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos que se require para executar o plan de vendas, aplicando os criterios e os procedementos establecidos.		
CA4.1 - Calculouse a cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no punto de venda para garantir un nivel óptimo de cobertura, tendo en conta o orzamento, o índice de rotación dos produtos e o espazo dispoñible.	OU: Rúbrica	20
CA4.2 - Formulouse a solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, asegurando a dispoñibilidade de produtos e as existencias de seguridade que garantan a satisfacción da clientela	OU: Rúbrica	20
CA4.3 - Realizouse o control periódico de existencias de produtos no establecemento, en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido	OU: Rúbrica	10
CA4.4 - Valoráronse as existencias de produtos dispoñibles, aplicando os criterios establecidos, de xeito que a información obtida sirva como indicador para a xestión comercial das vendas	OU: Rúbrica	10
CA4.5 - Detectáronse desaxustes entre o inventario contable e o inventario real de produtos, analizando as causas e o valor da perda descoñecida, e propuxéronse accións que minimicen os desaxustes dentro do plan de vendas.	OU: Rúbrica	20
CA4.6 - Valorouse o custo da posible rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas, entre outros, co fin de lograr a satisfacción e a fidelización da clientela	OU: Rúbrica	10
CA4.7 - Valorouse a capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado, utilizando a aplicación de xestión axeitada	OU: Rúbrica	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Xestión da información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos
Cálculo da cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no establecemento para garantir un índice de cobertura óptimo. Determinación cuantitativa do mercado.
Solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, para asegurar a dispoñibilidade de produtos e a satisfacción da clientela.
Control periódico de existencias de produtos en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido.

Contidos
Desaxustes entre o inventario contable de produtos e o real.
Cálculo do custo da rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas.
Capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado.

UD	Título da UD	Duración
5	Planificación das vendas	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Elabora o plan e o argumentario de vendas do produto, realizando propostas que contribúan a mellorar o posicionamento do produto no mercado, a fidelización da clientela e o incremento das vendas.		
CA3.1 - Realizouse un inventario das fortalezas e debilidades do produto ou servizo, e as vantaxes e os inconvenientes que presenta para distintos tipos de clientela	OU	3
CA3.2 - Elaborouse o argumentario de vendas, incluíndo os puntos fortes e débiles do produto, resaltando as súas vantaxes respecto aos da competencia, presentando as solucións aos problemas da clientela e propondo as técnicas de venda axeitadas.	OU	20
CA3.3 - Prevíronse as posibles obxeccións da clientela e definíronse as técnicas e os argumentos axeitados para a súa refutación	OU	10
CA3.4 - Utilizáronse as obxeccións e as suxestións da clientela como elemento de retroalimentación para realizar propostas de mellora de certos aspectos do produto e/ou do argumentario de vendas.	OU	5
CA3.5 - Definíronse os obxectivos de vendas e os recursos necesarios para os conseguir, de acordo co establecido no plan de márketing da empresa	OU	5
CA3.6 - Elaborouse o plan de vendas onde se recollan os obxectivos, os recursos necesarios e as liñas de actuación comercial, de acordo cos procedementos e o argumentario de vendas establecidos, utilizando a aplicación informática axeitada	OU: Rúbrica	10
CA3.7 - Elaborouse o programa de vendas propio do persoal vendedor, adaptando o argumentario de vendas e o plan de acción comercial ás características, ás necesidades e ao potencial de compra de cada persoa, de acordo cos obxectivos establecidos pola empresa.	OU: Rúbrica	10
CA3.8 - Confeccionouse o argumentario de vendas en liña e o tratamento das obxeccións, de acordo co plan de comercio electrónico da empresa e respectando a normativa legal sobre comercialización e a publicidade en liña	OU: Rúbrica	2
RA5 - Xestiona o proceso de venda do produto ou do servizo, utilizando as técnicas de venda e pechamento adecuadas, de acordo co plan de vendas e dentro das marxes de actuación establecidas pola empresa.		
CA5.4 - Planificouse a entrevista de vendas, fixando os obxectivos que cumpra alcanzar, adaptando o argumentario de vendas ás características e ao perfil da clientela, e preparando o material de apoio necesario para reforzar os argumentos durante a presentación do produto.	OU: Rúbrica	5
CA5.5 - Realizouse a presentación do produto ou servizo, resaltando as súas calidades, diferenciándoo dos da competencia mediante os argumentos oportunos e utilizando a aplicación informática axeitada	OU: Rúbrica	5

Criterios de avaliación	IA	%
CA5.6 - Utilizáronse técnicas de venda para acordar coa clientela determinados aspectos da operación, dentro dos límites de actuación establecidos	OU: Rúbrica	10
CA5.7 - Tratáronse con asertividade as obxeccións da clientela mediante os argumentos e as técnicas de refutación axeitadas	OU: Rúbrica	5
CA5.8 - Pechouse a venda do produto ou servizo aplicando técnicas de pechamento adecuadas e prestando especial atención á comunicación non verbal.	OU: Rúbrica	5
CA5.9 - Elaborouse a documentación xerada na venda e realizáronse tarefas de arquivamento manual e informático	OU: Rúbrica	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Xestión da información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos
Cálculo da cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no establecemento para garantir un índice de cobertura óptimo. Determinación cuantitativa do mercado.
Solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, para asegurar a dispoñibilidade de produtos e a satisfacción da clientela.
Control periódico de existencias de produtos en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido.
Desaxustes entre o inventario contable de produtos e o real.
Cálculo do custo da rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas.
Capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado.
BC5 - Xestión do proceso de venda do produto e servizo
Preparación da venda: concertación e preparación da visita.
Desenvolvemento da entrevista e pechamento da venda. Técnicas de venda. Vendas adicionais.
Seguimento da venda.
Cobramento da venda.
Documentación xerada na venda. Confección e arquivamento de documentos.

UD	Título da UD	Duración
6	Negociación comercial	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Deseña o proceso de negociación das condicións dunha operación comercial, aplicando técnicas		

Criterios de avaliación	IA	%
de negociación para alcanzar un acordo co cliente ou provedor dentro dos límites establecidos pola empresa.		
CA6.1 - Analizouse a negociación como alternativa na toma de decisións, considerando a necesidade de negociar determinados aspectos das operacións de compravenda	OU: Rúbrica	5
CA6.2 - Analizáronse as variables que inciden nun proceso de negociación, como son o contorno, os obxectivos, o tempo, a información da outra parte, a relación de poder entre as partes e os límites da negociación	PE	10
CA6.3 - Caracterizáronse os estilos de negociación, analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes en cada caso	OU: Rúbrica	5
CA6.4 - Identificáronse as etapas básicas dun proceso de negociación comercial e as accións que cumpra desenvolver en cada fase.	PE	10
CA6.5 - Elaborouse o plan estratéxico e as demais actividades necesarias para a preparación eficaz dun proceso de negociación previamente definido	OU: Rúbrica	5
CA6.6 - Negociáronse as condicións dunha operación de compravenda cun/cunha suposto/a cliente/a, aplicando as técnicas de negociación axeitadas dentro dos límites previamente fixados	OU: Rúbrica	5
CA6.7 - Aplicáronse diversas tácticas de negociación en situacións supostas, con obxecto de alcanzar un acordo favorable para a empresa, dentro das marxes e dos límites establecidos	OU: Rúbrica	5
RA7 - Elabora contratos de compravenda e outros afíns, que recollan os acordos adoptados no proceso de venda e negociación.		
CA7.1 - Interpretouse a normativa legal que regula os contratos de compravenda	PE	10
CA7.2 - Caracterizouse o contrato de compravenda, os elementos que interveñen, os dereitos e as obrigas das partes, a súa estrutura e o seu contido, analizando as cláusulas habituais que se inclúen nel	OU: Rúbrica	5
CA7.3 - Elaborouse o contrato de compravenda que recolla os acordos adoptados entre as partes vendedora e compradora, utilizando un procesador de textos	OU: Rúbrica	5
CA7.4 - Analizáronse contratos de compravenda especiais	OU: Rúbrica	5
CA7.5 - Analizouse o contrato de compravenda a prazos, a normativa que o regula e os requisitos que se exixen para a súa formalización	OU: Rúbrica	5
CA7.6 - Caracterizouse o contrato de venda en consignación, analizando supostos en que proceda a súa formalización	OU: Rúbrica	5
CA7.7 - Caracterizouse o contrato de subministración, analizando os casos en que se requira, para o abastecemento de determinados materiais e servizos	OU: Rúbrica	5
CA7.8 - Analizáronse os contratos de leasing e renting como xeitos de financiamento do inmobilizado da empresa	OU: Rúbrica	5
CA7.9 - Analizouse o procedemento de arbitraxe comercial como xeito de resolución de conflitos e incumprimentos de contrato	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Deseño do proceso de negociación das condicións dunha operación comercial
Negociación nas relacións comerciais.
Negociación como alternativa na toma de decisións.
Variables básicas da negociación: contorno, obxectivos, tempo, información, límites da negociación e relación de poder entre as partes.
Estilos de negociar: actitudes dura-agresiva, sumisa-servicial e de cooperación e diálogo.
Calidades das persoas boas negociadoras.
Regras para obter o éxito na negociación.
Fases dun proceso de negociación.
Preparación da negociación.
Desenvolvemento da negociación.
Pacto ou acordo.
Seguimento da negociación.
Estratexia e tácticas de negociación.
BC7 - Elaboración de contratos de compravenda e outros afíns
Contrato de compravenda: características, requisitos e elementos.
Normas que regulan a compravenda: compravenda civil e mercantil.
Formación do contrato de compravenda: oferta e aceptación da oferta.
Obrigas das partes vendedora e compradora.
Cláusulas xerais dun contrato de compravenda.
Contrato de compravenda a prazos.
Contrato de subministración.
Contrato estimatorio ou de vendas en consignación.
Contratos de compravendas especiais.
Contratos de transporte e de seguro.
Contratos de leasing e de renting.
Contratos de factoring e de forfaiting.
Resolución de conflitos por incumprimento do contrato: vías xudicial e arbitral.

UD	Título da UD	Duración
7	Xestión das relacións coa clientela	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA8 - Planifica a xestión das relacións coa clientela, organizando o servizo posvenda de atención á clientela, de acordo cos criterios e cos procedementos establecidos pola empresa.		
CA8.1 - Identifícáronse as situacións comerciais que requiran un seguimento posvenda e as accións necesarias para o levar a cabo	PE	5
CA8.2 - Caracterizáronse os servizos posvenda e de atención á clientela que cumpra levar a cabo para manter a relación coa clientela e garantir a súa plena satisfacción	PE	10
CA8.3 - Describíronse os criterios e os procedementos que haxa que utilizar para realizar un control de calidade dos servizos posvenda e de atención á clientela	PE	10
CA8.4 - Identifícáronse os tipos e a natureza dos conflitos, das queixas e das reclamacións que poidan xurdir no proceso de venda dun produto ou servizo	PE	15
CA8.5 - Describiuse o procedemento e a documentación necesaria en caso de incidencia, desde que se teña constancia dela ata a actuación da persoa responsable da súa resolución	PE	15
CA8.6 - Identifícáronse os procedementos e as técnicas aplicables para resolver as queixas e as reclamacións da clientela	PE	15
CA8.7 - Seleccionouse a clientela susceptible de formar parte dun programa de fidelización, en función dos criterios comerciais e a información dispoñible na empresa, utilizando, de ser o caso, a ferramenta de xestión das relacións con clientes/as.	OU: Rúbrica	10
CA8.8 - Elaborouse o plan de fidelización da clientela, utilizando a aplicación informática dispoñible	OU: Rúbrica	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - Planificación da xestión das relacións coa clientela
Seguimento da venda e atención á clientela.
Servizo posvenda.
Servizo de información e de atención á clientela, e ás persoas consumidoras e usuarias.
Normativa en materia de protección das persoas consumidoras e usuarias.
Xestión de queixas e reclamacións da clientela.
Márketing relacional e de relación coa clientela.
Xestión das relacións coa clientela.

Contidos
Control de calidade do servizo de atención e información á clientela, e ás persoas consumidoras e usuarias.
Estratexias e técnicas de fidelización da clientela.
Programas de fidelización.
Aplicacións informáticas de xestión das relacións coa clientela (CRM).

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Estratexias comerciais e plans de venda	8

	Actividade	Descrición	Duración
1	Elaboramos o SIM da tenda	Obter información para construir o SIM da tenda a partir de datos atopados na rede para definir estratexias comerciais e deseñar un plan de vendas.	8

Criterios de avaliación

RA1 - Obtén a información necesaria para definir estratexias comerciais e elaborar o plan de vendas, organizando os datos recollidos desde calquera dos sistemas de información dispoñibles.

CA1.1 - Identificáronse as fontes de datos internas e externas que proporcionan información útil para a definición das estratexias comerciais da empresa

CA1.2 - Elaboráronse os patróns que vaian utilizar os membros do equipo de vendas para a recollida de información relativa á actividade comercial da empresa

CA1.3 - Organizouse a información do SIM, o briefing do produto ou servizo, a rede de vendas e da aplicación de xestión das relacións coa clientela (CRM).

CA1.4 - Interpretouse a normativa legal comunitaria, estatal, autonómica e local que regula a comercialización de produtos, servizos e marcas

CA1.5 - Analizouse a información relativa aos produtos ou servizos da propia empresa e os da competencia, aplicando criterios comerciais

CA1.6 - Organizouse a información obtida da clientela e da rede de vendas, utilizando a ferramenta informática dispoñible e garantindo a confidencialidade e a protección de datos

CA1.7 - Confeccionáronse os ficheiros mestres de clientela real e potencial, cos datos máis salientables de cada persoa, utilizando a aplicación informática axeitada

CA1.8 - Mantívose actualizada a base de datos da clientela, incorporando a información salientable de cada contacto comercial

Contidos

BC1 - Obtención da información necesaria para a definición de estratexias comerciais e a elaboración do plan de vendas

C1.1 - Fontes de información internas e externas.

C1.2 - Información sobre o mercado, o contorno e a competencia.

C1.3 - Información sobre a empresa e as actividades comerciais.

C1.4 - Información salientable sobre o produto, servizo ou gama de produtos.

C1.5 - Información sobre a actividade comercial da empresa. Sistema de vendas.

C1.6 - Información obtida da clientela: procedementos de obtención.

C1.7 - Información obtida dos comerciais e a rede de vendas: métodos de obtención.

C1.8 - Elaboración de ficheiros de clientela actual e potencial.

C1.9 - Actualización e mantemento de bases de datos da clientela.

Obxectivos específicos

Obter información sobre os produtos da tenda e da competencia, sobre o mercado e os hábitos de compra do público obxectivo.

Identificar normativa vixente que poida afecta á comercialización dos produtos.

Elaborar ficheiros.

Coñecer un CRM.

Resultados ou produtos

Base de datos.

Recursos específicos

Internet.
Panel interactivo.
Apuntamentos.
Folla de cálculo.

UD	Título da UD	Duración
2	Xestión do proceso de venda do produto ou servizo	12

	Actividade	Descrición	Duración
1	Venda e comunicación	Estudar os diferentes tipos de vendedores e perfiles máis demandados. Coñecer as fases do proceso de venda dun produto/servizo, facendo fincapé na importancia da prospección e da comunicación.	12

Criterios de avaliación

RA5 - Xestiona o proceso de venda do produto ou do servizo, utilizando as técnicas de venda e pechamento adecuadas, de acordo co plan de vendas e dentro das marxes de actuación establecidas pola empresa.

CA5.1 - Identificáronse as fases do proceso de venda dun produto ou servizo e as accións que cumpra desenvolver, en función da forma de venda e das características da clientela

CA5.2 - Identificouse a clientela actual e potencial utilizando diferentes medios e técnicas de prospección e procura de clientela.

CA5.3 - Utilizáronse as técnicas de comunicación habituais (correo, teléfono, correo electrónico, etc.) para contactar coa clientela, enviar información e concertar a entrevista de vendas

Contidos

BC5 - Xestión do proceso de venda do produto e servizo

C5.1 - Métodos ou formas de venda: tradicional, autoservizo, sen tenda, en liña, etc.

C5.2 - Venda persoal: función do/a vendedor/ora.

C5.3 - Comunicación nas relacións comerciais: información e comunicación.

C5.4 - Proceso de comunicación: elementos. Dificultades na comunicación.

C5.5 - Tipos de comunicación: interna e externa, formal e informal, verbal e non verbal.

C5.6 - Comunicación verbal (normas para falar en público), telefónica (uso das novas tecnoloxías), escrita e non verbal.

C5.7 - Proceso de venda: fases.

C5.8 - Métodos de prospección e procura de clientela.

C5.11 - Venda complexa e xestión das grandes contas.

C5.12 - Venda electrónica, telefónica e a grupos.

Obxectivos específicos

Identificar as fases do proceso de venda dun produto ou servizo.

Realizar a prospección de clientes.

Valorar a importancia da comunicación no proceso de comercialización dun produto ou servizo.

Resultados ou produtos
Lectura do libro ¿La isla de los 5 faros¿. Informe sobre o proceso de venda. Táboa resumo sobre ofertas de emprego de vendedores.
Recursos específicos
Internet. Panel interactivo. Apuntamentos. Folla de cálculo. Procesador de textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Mellora da xestión comercial	8

	Actividade	Descrición	Duración
1	En que podemos mellorar?	Analizar o proceso de xestión comercial dunha empresa adicada ao sector escollido na UD. 2	8

Criterios de avaliación

RA2 - Identifica novas oportunidades de negocio que contribúan a optimizar a xestión comercial da empresa, aplicando os procedementos e as técnicas de análise adecuadas.

CA2.1 - Consultáronse as fontes de información comercial en liña e offline dispoñibles para obter datos relativos á imaxe corporativa da empresa, ao volume de vendas e ao produto ou a gama de produtos que comercializa

CA2.2 - Analizouse a evolución das vendas por zonas, clientela ou segmentos de mercado, produtos, marcas ou liñas de produtos, calculando cotas de mercado, tendencias e taxas de crecemento ou descenso

CA2.3 - Calculouse a rendibilidade de produtos ou servizos a partir dos custos e o punto morto

CA2.4 - Identificáronse os puntos fortes e débiles do plan de actuación coa clientela, en función das características desta, do potencial de compra e dos pedidos realizados

CA2.5 - Comparouse a oferta e a demanda de produtos para determinar o grao de saturación do mercado, a existencia de produtos substitutivos e as innovacións tecnolóxicas no sector

CA2.6 - Realizouse unha análise comparativa das características e as utilidades dos produtos, e das accións comerciais, publicitarias e promocionais desenvolvidas, tanto pola empresa como pola competencia

CA2.7 - Analizáronse as oportunidades de mercado da empresa, aplicando técnicas de análise axeitadas, co fin de identificar novos nichos de mercado

CA2.8 - Detectáronse nichos de mercado desabastecidos ou insatisfeitos onde a empresa poida ter oportunidades, analizando o perfil da clientela real e potencial, o volume e a frecuencia de compra, o potencial de compra, o grao de fidelidade á marca e a capacidade de diferenciación do produto

Contidos

BC2 - Identificación de novas oportunidades de negocio que contribúan a mellorar a xestión comercial da empresa

C2.1 - Análise da evolución das vendas: por zonas xeográficas, por tipo de clientela, por segmentos de mercado, e por produtos, marcas ou liñas de produtos.

C2.2 - Cálculo da rendibilidade de produtos, liñas ou gamas, a partir dos custos e o punto morto.

C2.3 - Análise comparativa dos produtos propios e dos da competencia, aplicando criterios comerciais.

C2.4 - Comparación da oferta e a demanda de produtos.

C2.5 - Análise da estrutura do mercado: mercado actual e potencial.

C2.6 - Análise das oportunidades de mercado: análise interna e externa; análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), e análise do ciclo de vida do produto. Mapas de colocación do produto.

C2.7 - Análise dos segmentos de mercado atractivos para a empresa. Perfil da clientela real e potencial. Tipoloxía da clientela.

C2.8 - Estratexias comerciais de produto segundo distintos criterios.

Obxectivos específicos
Analizar unha empresa real adicada ao sector escollido na UD. 2. Estimar as vendas da empresa. Determinar os produtos/servizos rendibles. Identificar o proceso de vendas que realiza a empresa. Valorar a importancia das accións comerciais. Valorar a importancia das accións comerciais.
Resultados ou produtos
Informe de mellora da xestión comercial.
Recursos específicos
Internet. Panel interactivo. Apuntamentos. Folla de cálculo. Procesador de textos.

UD	Título da UD	Duración
4	Dispoñibilidade de produtos e prestación de servizos	8

	Actividade	Descrición	Duración
1	Que necesitamos antes de vender?	Determinar, solicitar e valorar a dispoñibilidade de produtos e material promocional para garantir a venda efectiva.	8

Criterios de avaliación

RA4 - Xestiona a información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos que se require para executar o plan de vendas, aplicando os criterios e os procedementos establecidos.

CA4.1 - Calculouse a cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no punto de venda para garantir un nivel óptimo de cobertura, tendo en conta o orzamento, o índice de rotación dos produtos e o espazo dispoñible.

CA4.2 - Formulouse a solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, asegurando a dispoñibilidade de produtos e as existencias de seguridade que garantan a satisfacción da clientela

CA4.3 - Realizouse o control periódico de existencias de produtos no establecemento, en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido

CA4.4 - Valoráronse as existencias de produtos dispoñibles, aplicando os criterios establecidos, de xeito que a información obtida sirva como indicador para a xestión comercial das vendas

CA4.5 - Detectáronse desaxustes entre o inventario contable e o inventario real de produtos, analizando as causas e o valor da perda descoñecida, e propuxéronse accións que minimicen os desaxustes dentro do plan de vendas.

CA4.6 - Valorouse o custo da posible rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas, entre outros, co fin de lograr a satisfacción e a fidelización da clientela

CA4.7 - Valorouse a capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado, utilizando a aplicación de xestión axeitada

Contidos

BC3 - Xestión da información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos

C3.1 - Cálculo da cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no establecemento para garantir un índice de cobertura óptimo. Determinación cuantitativa do mercado.

C3.2 - Solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, para asegurar a dispoñibilidade de produtos e a satisfacción da clientela.

C3.3 - Control periódico de existencias de produtos en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido.

C3.4 - Desaxustes entre o inventario contable de produtos e o real.

C3.5 - Cálculo do custo da rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas.

C3.6 - Capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado.

Obxectivos específicos

Identificar e determinar os materiais promocionais necesarios.

Realizar pedidos de produtos. Prestar servizos. Controlar as existencias (inventario, desaxustes, custos de rotura).
Resultados ou produtos Informe de dispoñibilidade para a empresa seleccionada na UD. 3. Exercicios resoltos.
Recursos específicos Internet. Panel interactivo. Apuntamentos. Folla de cálculo. Procesador de textos.

UD	Título da UD	Duración
5	Planificación das vendas	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Preparando a venda.	Elaborar e executar o plan de vendas.	20

Criterios de avaliación

RA3 - Elabora o plan e o argumentario de vendas do produto, realizando propostas que contribúan a mellorar o posicionamento do produto no mercado, a fidelización da clientela e o incremento das vendas.

CA3.1 - Realizouse un inventario das fortalezas e debilidades do produto ou servizo, e as vantaxes e os inconvenientes que presenta para distintos tipos de clientela

CA3.2 - Elaborouse o argumentario de vendas, incluíndo os puntos fortes e débiles do produto, resaltando as súas vantaxes respecto aos da competencia, presentando as solucións aos problemas da clientela e propondo as técnicas de venda axeitadas.

CA3.3 - Prevíronse as posibles obxeccións da clientela e definíronse as técnicas e os argumentos axeitados para a súa refutación

CA3.4 - Utilizáronse as obxeccións e as suxestións da clientela como elemento de retroalimentación para realizar propostas de mellora de certos aspectos do produto e/ou do argumentario de vendas.

CA3.5 - Definíronse os obxectivos de vendas e os recursos necesarios para os conseguir, de acordo co establecido no plan de márketing da empresa

CA3.6 - Elaborouse o plan de vendas onde se recollan os obxectivos, os recursos necesarios e as liñas de actuación comercial, de acordo cos procedementos e o argumentario de vendas establecidos, utilizando a aplicación informática axeitada

CA3.7 - Elaborouse o programa de vendas propio do persoal vendedor, adaptando o argumentario de vendas e o plan de acción comercial ás características, ás necesidades e ao potencial de compra de cada persoa, de acordo cos obxectivos establecidos pola empresa.

CA3.8 - Confeccionouse o argumentario de vendas en liña e o tratamento das obxeccións, de acordo co plan de comercio electrónico da empresa e respectando a normativa legal sobre comercialización e a publicidade en liña

RA5 - Xestiona o proceso de venda do produto ou do servizo, utilizando as técnicas de venda e pechamento adecuadas, de acordo co plan de vendas e dentro das marxes de actuación establecidas pola empresa.

CA5.4 - Planificouse a entrevista de vendas, fixando os obxectivos que cumpra alcanzar, adaptando o argumentario de vendas ás características e ao perfil da clientela, e preparando o material de apoio necesario para reforzar os argumentos durante a presentación do produto.

CA5.5 - Realizouse a presentación do produto ou servizo, resaltando as súas calidades, diferenciándoo dos da competencia mediante os argumentos oportunos e utilizando a aplicación informática axeitada

CA5.6 - Utilizáronse técnicas de venda para acordar coa clientela determinados aspectos da operación, dentro dos límites de actuación establecidos

CA5.7 - Tratáronse con asertividade as obxeccións da clientela mediante os argumentos e as técnicas de refutación axeitadas

CA5.8 - Pechouse a venda do produto ou servizo aplicando técnicas de pechamento adecuadas e prestando especial atención á comunicación non verbal.

CA5.9 - Elaborouse a documentación xerada na venda e realizáronse tarefas de arquivamento manual e informático

Contidos

BC3 - Xestión da información necesaria para garantir a dispoñibilidade de produtos e a prestación de servizos

C3.1 - Cálculo da cantidade de produtos e/ou folletos de servizos necesarios no establecemento para garantir un índice de cobertura óptimo. Determinación cuantitativa do mercado.

C3.2 - Solicitude de produtos e recursos necesarios para a prestación do servizo, para asegurar a dispoñibilidade de produtos e a satisfacción da clientela.

C3.3 - Control periódico de existencias de produtos en función dos recursos dispoñibles e segundo o procedemento establecido.

C3.4 - Desaxustes entre o inventario contable de produtos e o real.

C3.5 - Cálculo do custo da rotura de existencias, a rotación e a estacionalidade das vendas.

C3.6 - Capacidade de prestación do servizo en función dos recursos dispoñibles, para garantir a calidade do servizo prestado.

BC5 - Xestión do proceso de venda do produto e servizo

C5.9 - Preparación da venda: concertación e preparación da visita.

C5.10 - Desenvolvemento da entrevista e pechamento da venda. Técnicas de venda. Vendas adicionais.

C5.13 - Seguimento da venda.

C5.14 - Cobramento da venda.

C5.15 - Documentación xerada na venda. Confección e arquivamento de documentos.

Obxectivos específicos

Coñecer os produtos/servizos.

Elaborar argumentarios de vendas offline e online.

Valorar a importancia das obxecións.

Elaborar o plan e o programa de vendas.

Executar o plan de vendas.

Resultados ou produtos

Plan e programa de vendas para a empresa escollida na UD. 2.

Recursos específicos

Internet.
Panel interactivo.
Apuntamentos.
Procesador de textos.

UD	Título da UD	Duración
6	Negociación comercial	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Formalizando a venda.	Negociar e formalizar a venda.	20

Criterios de avaliación

RA6 - Deseña o proceso de negociación das condicións dunha operación comercial, aplicando técnicas de negociación para alcanzar un acordo co cliente ou provedor dentro dos límites establecidos pola empresa.

CA6.1 - Analizouse a negociación como alternativa na toma de decisións, considerando a necesidade de negociar determinados aspectos das operacións de compravenda

CA6.2 - Analizáronse as variables que inciden nun proceso de negociación, como son o contorno, os obxectivos, o tempo, a información da outra parte, a relación de poder entre as partes e os límites da negociación

CA6.3 - Caracterizáronse os estilos de negociación, analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes en cada caso

CA6.4 - Identificáronse as etapas básicas dun proceso de negociación comercial e as accións que cumpra desenvolver en cada fase.

CA6.5 - Elaborouse o plan estratéxico e as demais actividades necesarias para a preparación eficaz dun proceso de negociación previamente definido

CA6.6 - Negociáronse as condicións dunha operación de compravenda cun/cunha suposto/a cliente/a, aplicando as técnicas de negociación axeitadas dentro dos límites previamente fixados

CA6.7 - Aplicáronse diversas tácticas de negociación en situacións supostas, con obxecto de alcanzar un acordo favorable para a empresa, dentro das marxes e dos límites establecidos

RA7 - Elabora contratos de compravenda e outros afíns, que recollan os acordos adoptados no proceso de venda e negociación.

CA7.1 - Interpretouse a normativa legal que regula os contratos de compravenda

CA7.2 - Caracterizouse o contrato de compravenda, os elementos que interveñen, os dereitos e as obrigas das partes, a súa estrutura e o seu contido, analizando as cláusulas habituais que se inclúen nel

CA7.3 - Elaborouse o contrato de compravenda que recolla os acordos adoptados entre as partes vendedora e compradora, utilizando un procesador de textos

CA7.4 - Analizáronse contratos de compravenda especiais

CA7.5 - Analizouse o contrato de compravenda a prazos, a normativa que o regula e os requisitos que se exixen para a súa formalización

CA7.6 - Caracterizouse o contrato de venda en consignación, analizando supostos en que proceda a súa formalización

CA7.7 - Caracterizouse o contrato de subministración, analizando os casos en que se requira, para o abastecemento de determinados materiais e servizos

CA7.8 - Analizáronse os contratos de leasing e renting como xeitos de financiamento do inmobilizado da empresa

CA7.9 - Analizouse o procedemento de arbitraxe comercial como xeito de resolución de conflitos e incumprimentos de contrato

Contidos

BC6 - Deseño do proceso de negociación das condicións dunha operación comercial

C6.1 - Negociación nas relacións comerciais.

C6.2 - Negociación como alternativa na toma de decisións.

C6.3 - Variables básicas da negociación: contorno, obxectivos, tempo, información, límites da negociación e relación de poder entre as partes.

C6.4 - Estilos de negociar: actitudes dura-agresiva, sumisa-servicial e de cooperación e diálogo.

C6.5 - Calidades das persoas boas negociadoras.

C6.6 - Regras para obter o éxito na negociación.

C6.7 - Fases dun proceso de negociación.

C6.8 - Preparación da negociación.

C6.9 - Desenvolvemento da negociación.

C6.10 - Pacto ou acordo.

C6.11 - Seguimento da negociación.

C6.12 - Estratexia e tácticas de negociación.

BC7 - Elaboración de contratos de compravenda e outros afíns

C7.2 - Contrato de compravenda: características, requisitos e elementos.

C7.3 - Normas que regulan a compravenda: compravenda civil e mercantil.

C7.4 - Formación do contrato de compravenda: oferta e aceptación da oferta.

C7.5 - Obrigas das partes vendedora e compradora.

C7.6 - Cláusulas xerais dun contrato de compravenda.

C7.7 - Contrato de compravenda a prazos.

C7.8 - Contrato de subministración.

C7.9 - Contrato estimatorio ou de vendas en consignación.

C7.10 - Contratos de compravendas especiais.

C7.11 - Contratos de transporte e de seguro.

C7.12 - Contratos de leasing e de renting.

C7.13 - Contratos de factoring e de forfaiting.

C7.14 - Resolución de conflitos por incumprimento do contrato: vías xudicial e arbitral.

Obxectivos específicos

Valorar a importancia da negociación no proceso de comercialización.

Identificar a proceso de negociación.

Analizar a normativa vixente.

Estudar os estilos de negociación. Elaborar os diferentes tipos de contratos (compravenda, compravenda especial, compravenda a prazos, consignación, subministración, leasing, renting). Analizar o arbitraxe comercial.
Resultados ou produtos Role playing negociación para a empresa seleccionada na UD. 3. Supostos sobre contratación realizados.
Recursos específicos Internet. Panel interactivo. Apuntamentos. Folla de cálculo. Procesador de textos.

UD	Título da UD	Duración
7	Xestión das relacións coa clientela	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	E despois da venda?	Importancia e valoración do servizo posvenda.	10

Criterios de avaliación

RA8 - Planifica a xestión das relacións coa clientela, organizando o servizo posvenda de atención á clientela, de acordo cos criterios e cos procedementos establecidos pola empresa.

CA8.1 - Identificáronse as situacións comerciais que requiran un seguimento posvenda e as accións necesarias para o levar a cabo

CA8.2 - Caracterizáronse os servizos posvenda e de atención á clientela que cumpra levar a cabo para manter a relación coa clientela e garantir a súa plena satisfacción

CA8.3 - Describíronse os criterios e os procedementos que haxa que utilizar para realizar un control de calidade dos servizos posvenda e de atención á clientela

CA8.4 - Identificáronse os tipos e a natureza dos conflitos, das queixas e das reclamacións que poidan xurdir no proceso de venda dun produto ou servizo

CA8.5 - Describiuse o procedemento e a documentación necesaria en caso de incidencia, desde que se teña constancia dela ata a actuación da persoa responsable da súa resolución

CA8.6 - Identificáronse os procedementos e as técnicas aplicables para resolver as queixas e as reclamacións da clientela

CA8.7 - Seleccionouse a clientela susceptible de formar parte dun programa de fidelización, en función dos criterios comerciais e a información dispoñible na empresa, utilizando, de ser o caso, a ferramenta de xestión das relacións con clientes/as.

CA8.8 - Elaborouse o plan de fidelización da clientela, utilizando a aplicación informática dispoñible

Contidos

BC8 - Planificación da xestión das relacións coa clientela

C8.1 - Seguimento da venda e atención á clientela.

C8.2 - Servizo posvenda.

C8.3 - Servizo de información e de atención á clientela, e ás persoas consumidoras e usuarias.

C8.4 - Normativa en materia de protección das persoas consumidoras e usuarias.

C8.5 - Xestión de queixas e reclamacións da clientela.

C8.6 - Márketing relacional e de relación coa clientela.

C8.7 - Xestión das relacións coa clientela.

C8.8 - Control de calidade do servizo de atención e información á clientela, e ás persoas consumidoras e usuarias.

C8.9 - Estratexias e técnicas de fidelización da clientela.

C8.10 - Programas de fidelización.

C8.11 - Aplicacións informáticas de xestión das relacións coa clientela (CRM).
Obxectivos específicos Organizar un servizo posvenda. Identificar situacións comerciais susceptibles de seguimento posvenda. Resolver conflitos, queixas e reclamacións. Elaborar un plan de fidelización.
Resultados ou produtos Informe de dispoñibilidade para a empresa seleccionada na UD. 3. Exercicios resoltos.
Recursos específicos Internet. Panel interactivo. Apuntamentos. Folla de cálculo. Procesador de textos.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

No mes de setembro desenvolverase un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información sobre competencias claves. Estas tarefas concretas están recollidas no bloque Xeral da aula virtual do curso. As competencias clave son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolvela deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade.
2. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
3. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
4. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Realizarase unha reunión de avaliación inicial de acordo coas instrucións indicadas pola Xefatura de Estudos ao principio do curso.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	10	10	21	25	12
Outro	100	0	100	100	100	60	30
Proba escrita	0	100	0	0	0	40	70

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Outro	70
Proba escrita	30

Procedemento e criterios de cualificación:

Este módulo consta de 7 unidades didácticas, cada unha delas cos seus correspondentes resultados de aprendizaxe (RA), criterios de avaliación (CA) e contidos básicos. Para superar o módulo o/a alumno/a debe acadar a avaliación positiva en cada unha das unidades didácticas, sendo a nota mínima requerida igual a 5.
En todas as unidades didácticas o/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente as probas escritas de coñecementos e/ou as probas de produto/desempeño establecidas sobre os CA recollidos no apartado 3.3 desta programación didáctica.
As probas escritas de coñecementos poderán conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test, exercicios e/ou supostos prácticos. O alumnado acadará unha avaliación positiva en cada proba escrita de coñecementos cando amose: a correcta expresión escrita, a correcta ortografía (penalizará 0.10 puntos por falta) e presentación (letra cuidada, marxes, párrafos definidos, limpeza e orde), a utilización de conceptos técnicos e específicos propios de cada unidade didáctica e do módulo, que aplicará a cada un dos CA que se avalia e respondendo de forma clara e concreta ao que se pregunta, realizando os cálculos correctos e indicando os pasos para a resolución dos exercicios. A cualificación consistirá en corrixir as preguntas correspondentes a cada CA e asignar o peso establecido no devandito apartado á calificación obtida para cada un dos CA incluidos en cada proba escrita de coñecementos.
As probas escritas de coñecementos terán lugar nas datas establecidas pola profesora. Unha proba escrita de coñecementos non realizada na data establecida e comunicada con antelación, suporá realízala no período de actividades de recuperación correspondente. No caso de ter xustificación, aceptada na normativa interna do centro, realizarase unha única proba tres días antes da xunta de avaliación correspondente a cada trimestre.

As probas de produto e/ou desempeño cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas/listas de cotexo) con catro niveis de logro (completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%). Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita e utilización de conceptos técnicos e específicos propios do módulo formativo, ortografía, formato, presentación e creatividade, contido e desempeño. Os indicadores de contido puntuarán como mínimo un 60% da cualificación total do produto.
As exposicións orais e defensas das probas de produto e/ou desempeño serán avaliadas por separado coa súa

correspondente táboa de indicadores que incluirán os seguintes loques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación, creatividade do apoio visual, argumentación fundada na teoría e apoiada con exemplos reais, uso do pensamento crítico e traballo cooperativo e colaborativo.
A calificación destas probas de produto será o resultado de aplicar, espectivamente, as ponderacións de 20%, 60% e 20% ao informe, á exposición e ao debate coa profesora. O resultado obtido será repartido entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.
O incumprimento na entrega en prazo das probas de produto e/ou desempeño suporá un cero para todas as persoas integrantes do grupo, que non poderán expoñer nin participar na defensa da proba coa profesora. Neste caso a nota final da unidade didáctica será inferior a 5, xa que a entrega das probas de produto e/ou desempeño é obrigatoria para todas as persoas integrantes do grupo.
A detección de plaxio e/ou o uso da intelixencia artificial suporá un cero nas probas de produto e/ou desempeño para todas as persoas integrantes do grupo.
A calificación final do módulo será a media ponderada das calificacións obtidas en cada unha das unidades didácticas polo peso asignado a cada unha delas.

Procedemento e criterios de recuperación

Cando un/ha alumno/a non acade a avaliación positiva, é dicir, non acade unha nota igual ou superior a 5 en cada UD., realizarase unha proba de recuperación consistente nunha proba escrita que poderá conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test, exercicios e/ou supostos prácticos. Esta proba, de todas as UD. non superadas, desenvolverase no mes de xuño, según calendario establecido por xefatura de estudos.
A recuperación das probas de produto e/ou desempeño terá lugar na última semana do mes de xuño.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Técnicas de venda e negociación é un módulo de 2º curso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Consistirá na realización dunha proba de coñecementos basada no 100 % dos RA do módulo. Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, e tal como se contempla na norma, realizarase unha proba extraordinaria de avaliación, que permitira ao alumnado evidenciar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos. A avaliación realizarase segundo o establecido RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.
"O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A proba extraordinaria para o alumnado non repetidor de segundo curso realizarase antes da segunda avaliación parcial e a cualificación obtida consignarase na segunda avaliación de módulos. Para o alumnado repetidor de segundo curso, dependendo do momento de realización desta proba, a cualificación obtida consignarase preferentemente na sesión de avaliación parcial previa á realización da Formación en centros de traballo (FCT) ou na avaliación final de módulos".

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As actividades de reforzo educativo consistirán na atención individualizada ao alumnado e no deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide. Cando sexa necesario coordinarase co equipo docente e co Departamento de Orientación para tratar o reforzo en competencias clave.

8.1. Programación da educación en valores.

En función dos obxectivos do módulo, se terán en conta os seguintes:

- Valores democráticos e mellora da cohesión social.
- Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
- Dereitos Humanos.
- Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ.
- Dereitos laborais.
- Respecto das condicións de competencia.
- Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
- Preservación do Medio Ambiente. A sostenibilidade.
- Promoción da igualdade de xénero.
- Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
- Deontoloxía profesional.
- Identidade dixital: netetiqueta.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Sempre que sexa posible, realizaranse actividades complementarias ou extraescolares que faciliten a comprensión dos contidos aprendidos no módulo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación realizarase mensualmente. Neste seguimento avaliarase a práctica docente. Así:

- A programación: a planificación do traballo docente, a programación das unidades didácticas e das actividades e tarefas, o tratamento de atención a diversidade e de transversalidade.
- As actividades de aula: a metodoloxía desenvolvida, a motivación para a aprendizaxe, a potenciación da autonomía no proceso de ensinoaprendizaxe, a coordinación co resto do equipo docente, o clima na aula e resolución de conflitos, o traballo en equipo, a utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA, a atención á diversidade e a inclusión da transversalidade nas actividades.
- A avaliación: os instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e continua e o seu rexistro, o procedemento utilizado para a avaliación final, o desenvolvemento das actividades de recuperación e a información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3COM000300 - Xestión de vendas e espazos comerciais	A

Módulo
MP0928 - Organización de equipos de vendas (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
5	139	50	167	87

Profesorado responsable

Docentes
Camba Martínez, Francisco Javier

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 30

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 30

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 32

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 32

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 32

8.1. Programación da educación en valores. 33

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 33

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 33

11.1. Outros apartados. 34

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A nosa contorna socioeconómica máis próxima, experimenta algúns cambios significativos nos últimos anos. Estes cambios, moi marcados polos efectos da pandemia, arroxan cifras que "falan" de recuperación. O tecido empresarial de Pontevedra está a crecer, sendo unha das provincias galegas que máis fortaleceu a súa estrutura empresarial nos anos posteriores á pandemia. Seu ritmo de creación de novas sociedades mercantís móstrase significativamente superior ao de outras provincias galegas. No último ano, o conxunto da provincia experimentou un crecemento sostido na creación de empresas dun 3,3%. Segundo os datos publicados nese mesmo período, polo Instituto Nacional de Estatística, o INE, a creación de sociedades mercantís nas dúas grandes urbes da provincia, crece a un ritmo moi superior ao resto das grandes urbes do resto da Comunidade con taxas que superan o 25%, soamente seguidos por Santiago de Compostela, a cal experimenta un crecemento lixeiramente superior ao 10%. Na provincia de Pontevedra, o sector que reúne máis contas de cotización e máis traballadores afiliados é o sector servizos, sendo o Comercio por xunto e o por menor, as actividades económicas que contan con máis traballadores afiliados. Compre tamén sinalar que o colectivo con menor número de persoas en sitúano de paro, son as persoas con nivel educativo de Grao Medio cun total de 4.223, fronte as 5.095 persoas con grao Superior, ou as 6.101 con nivel de estudos universitarios no paro.
Neste contexto, o ciclos da Familia de Comercio xogan un importante "rol". A oferta na nosa Comunidade abrangue un amplo catálogo de estudos con titulacións repartidas nos graos de FP Básica, graos medios e superiores. A oferta e maila labor educativa, actúan coma unha ponte tendida entre as empresas do sector e a forza laboral, nutrindo ao mercado con profesionais provistos cun "set" de aptitudes e actitudes en liña cás capacidades e habilidades demandadas polo mercado laboral actual.
O profesional con este perfil técnico, exerce a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización ou nas seccións de establecementos comerciais, realizando actividades de venda de produtos e/ou servizos a través de diversas canles de comercialización, ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio.Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan un pequeno comercio ou unha tenda tradicional, ou por conta allea que exercen a súa actividade nos departamentos ou nas seccións de comercialización de calquera empresa ou organización, en diversos subsectores: en establecementos comerciais pequenos, medianos ou grandes, traballando por conta allea en diferentes seccións comerciais; na comercialización de produtos e servizos por conta propia e allea, fóra do establecemento comercial; no departamento comercial de pequenas e medianas empresas (PME) e empresas industriais; no departamento de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usua-rias de organismos públicos; en empresas industriais e comerciais grandes e medianas; no sector do comercio polo miúdo.
O módulo Procesos de Venda, toma como base o curriculo establecido polo Decreto 49/2016, do 7 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Actividades Comerciais.
As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: Vendedor/ora; vendedor/ora técnico/a; representante comercial; orientador/ora comercial; promotor/ora; televendedor/ora; vendedor/ora a distancia; teleoperador/ora (en "call centers"); axente de información e atención á clientela; caixeiro/a ou repoñedor/ora; operador/ora de "contact centers"; administrador/ora de contidos en liña; comerciante de tenda; xerente de pequeno comercio; técnico/a en xestión de existencias e almacén; xefe/a de almacén; responsable de recepción de mercadorías; responsable de expedición de mercadorías; técnico/a en loxística de almacéns; técnico/a de información e atención á clientela en empresas.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Estrutura e tamaño do equipo de vendas	Determina a estrutura organizativa e o tamaño do equipo comercial, axustándose á estratexia, aos obxectivos e ao orzamento establecidos no plan de vendas.	16	15
2	Características do equipo comercial e o proceso de selección	Determina as características do equipo comercial, e describe os postos de traballo e o perfil do persoal vendedor ou comercial.	14	12

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
3	A rede comercial e a asignación de obxectivos de vendas	Planifica a asignación dos obxectivos de venda aos membros do equipo comercial, aplicando técnicas de organización e xestión comercial.	14	12
4	Formación e carreira profesional no mundo das vendas	Define plans de formación, perfeccionamento e reciclaxe de equipos comerciais, cumprindo os obxectivos e os requisitos establecidos.	14	12
5	Motivación e retribución do equipo comercial	Deseña un sistema de motivación e remuneración do persoal vendedor, tendo en conta os obxectivos de vendas, o orzamento, os valores e a identidade corporativa da empresa.	14	12
6	Xestión dos conflitos nos equipos de vendas	Propón accións para a xestión de situacións conflitivas no equipo de comerciais, aplicando técnicas de negociación e resolución de conflitos.	14	12
7	Avaliación e control do rendemento da forza de vendas	Deseña o sistema de avaliación e control dos resultados de vendas e a actuación do equipo e as accións comerciais, e propón, de ser o caso, as medidas correctoras oportunas.	14	12

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Estrutura e tamaño do equipo de vendas	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina a estrutura organizativa e o tamaño do equipo comercial, axustándose á estratexia, aos obxectivos e ao orzamento establecidos no plan de vendas.		
CA1.1 - Analizáronse os tipos de organización dun equipo comercial en función do tipo de empresa, dos mercados, da clientela e dos produtos que comercializa	PE	15
CA1.2 - Definiuse a estrutura organizativa da forza de vendas, determinando os recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento do plan de vendas	PE	15
CA1.3 - Calculouse o tempo medio de duración da visita, e o número e a frecuencia das visitas necesarias para atender a clientela	PE	20
CA1.4 - Determinouse o número de visitas que cada vendedor ou vendedora deben realizar á clientela, en función da xornada laboral	PE	20
CA1.5 - Calculouse o tamaño do equipo de vendas en función das zonas xeográficas de implantación, o tipo de venda, o número de clientes/as, os puntos de venda, os produtos ou servizos comercializables, e o orzamento dispoñible	PE	10
CA1.6 - Delimitáronse as zonas de vendas e asignáronselle ao persoal vendedor segundo o potencial de venda, a carga de traballo, e os obxectivos e os custos da empresa	LC	10
CA1.7 - Planificáronse as visitas á clientela, deseñando as rutas de venda que permiten aproveitar optimamente o tempo do persoal vendedor e reducir os custos	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Determinación da estrutura organizativa e do tamaño do equipo de vendas
Funcións do departamento de vendas.
Obxectivos e estrutura do plan e a forza de vendas.
Organización do equipo de vendas: por zonas ou territorios xeográficos, por produtos, por mercados, por clientes/as e mixto.
Cálculo do tamaño óptimo do equipo de vendas segundo criterios establecidos.
Número e frecuencia das visitas á clientela real e potencial.
Deseño e planificación de rutas de vendas.
Asignación ao persoal vendedor de zonas de venda, rutas ou clientes/as.
Aplicacións informáticas de xestión e control de plans de venda.

UD	Título da UD	Duración
2	Características do equipo comercial e o proceso de selección	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Determina as características do equipo comercial, e describe os postos de traballo e o perfil do persoal vendedor ou comercial.		
CA2.1 - Determináronse as funcións e as responsabilidades do persoal vendedor dun equipo de vendas	PE	10
CA2.2 - Caracterizáronse os tipos de vendedores/as en función do tipo de venda, o tipo de produto e as características da empresa	PE	15
CA2.3 - Definíronse as competencias e as características do persoal comercial para a execución dun plan de vendas	LC	15
CA2.4 - Describiuse o posto de traballo nun equipo comercial, definindo as tarefas, as funcións e as responsabilidades que cumpra desenvolver	LC	15
CA2.5 - Describiuse o perfil da persoa candidata idónea, definindo as características e os requisitos que debe cumprir o/a vendedor/ora para ocupar o posto descrito	LC	15
CA2.6 - Determináronse as accións necesarias para o recrutamento de persoas candidatas a un posto de traballo no equipo de vendas	PE	15
CA2.7 - Establecéronse os criterios de selección, o procedemento e os instrumentos que haxa que utilizar para seleccionar o persoal de vendas	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Determinación das características do equipo comercial
Funcións do persoal vendedor na venda persoal.
Tipos de vendedores/as.
Características persoais dos/as vendedores/as profesionais.
Habilidades profesionais, coñecementos e requisitos que se lles exixen.
Fases do proceso de selección de persoal vendedor.
Descrición do posto de traballo.
Perfil do/a comercial ou vendedor/ora: o profesiograma.
Captación e selección de comerciais.

UD	**Título da UD**	**Duración**
3	A rede comercial e a asignación de obxectivos de vendas	12

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA3 - Planifica a asignación dos obxectivos de venda aos membros do equipo comercial, aplicando técnicas de organización e xestión comercial.		
CA3.1 - Determináronse os principais obxectivos e os medios necesarios para a execución dos plans de venda, sinalando os obxectivos cuantitativos e cualitativos	PE	10
CA3.2 - Determinouse a finalidade da dirección por obxectivos no relativo á definición de obxectivos, responsabilidades, competencias persoais, prazos, motivación, apoio técnico-emocional e toma de decisións	PE	10
CA3.3 - Aplicáronse técnicas de comunicación, presentación e reunións de equipo para lles explicar o plan de vendas e os obxectivos xerais e específicos aos membros da forza de vendas	LC	10
CA3.4 - Aplicáronse métodos para a repartición dos obxectivos colectivos e individuais e as cotas de venda entre os membros do equipo comercial, fomentando a idea de responsabilidade compartida e a transparencia na xestión e na información	LC	10
CA3.5 - Analizáronse os factores fundamentais para o éxito na planificación de obxectivos comerciais	PE	10
CA3.6 - Identificáronse as actividades de prospección, difusión e promoción que ten que realizar o equipo de vendas para alcanzar uns obxectivos de venda determinados	PE	15
CA3.7 - Elaboráronse plans de prospección da clientela utilizando diferentes métodos	PE	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.8 - Elaboráronse e actualizáronse ficheiros da clientela cos datos máis salientables de cada persoa	LC	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Planificación da asignación dos obxectivos de venda aos membros do equipo comercial
Obxectivos cuantitativos e cualitativos.
Dirección por obxectivos.
Asignación dos obxectivos de vendas aos membros do equipo.
Actividades vinculadas ao plan de vendas. Reunións.
Incorporación ao equipo de vendas.
Ferramentas do persoal vendedor: manual.
Métodos de prospección da clientela.
Creación e mantemento de bases de datos.

UD	Título da UD	Duración
4	Formación e carreira profesional no mundo das vendas	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Define plans de formación, perfeccionamento e reciclaxe de equipos comerciais, cumprindo os obxectivos e os requisitos establecidos.		
CA4.1 - Identificáronse as necesidades de formación individuais e grupais dun equipo de comerciais	PE	10
CA4.2 - Establecéronse os obxectivos do plan de formación do persoal vendedor, en función dos obxectivos de vendas e das necesidades detectadas	PE	15
CA4.3 - Determináronse a estrutura e os contidos dun plan formativo inicial para o departamento comercial, en función dos obxectivos establecidos, os requisitos do traballo que cumpra realizar e o orzamento dispoñible	PE	15
CA4.4 - Establecéronse as actividades formativas para un plan de formación continuo do equipo de comerciais en función do orzamento establecido, adecuándoas aos obxectivos previstos e ás necesidades da empresa	PE	15
CA4.5 - Programouse a formación teórica e de campo do persoal vendedor, aplicando técnicas de organización do traballo e programación de tarefas	PE	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.6 - Avaliáronse as vantaxes e os inconvenientes dun plan de formación en relación con outro plan alternativo	PE	15
CA4.7 - Valorouse a eficacia dun plan de formación do equipo de vendas, en función dos obxectivos cumpridos e dos resultados obtidos	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Definición de plans de formación, perfeccionamento e reciclaxe de equipos comerciais
Formación e habilidades do equipo de vendas.
Definición das necesidades formativas do equipo de vendas.
Obxectivos e métodos de formación en equipos comerciais.
Plans de formación inicial do persoal vendedor.
Programas de perfeccionamento e formación continua de equipos de comerciais.
Formación teórico-práctica e sobre o terreo.
Avaliación de plans de formación.

UD	Título da UD	Duración
5	Motivación e retribución do equipo comercial	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Deseña un sistema de motivación e remuneración do persoal vendedor, tendo en conta os obxectivos de vendas, o orzamento, os valores e a identidade corporativa da empresa.		
CA5.1 - Identificáronse os estilos de mando e liderado aplicables a equipos comerciais, e aplicáronse técnicas de dinámica e dirección de grupos para o traballo en equipo	LC	10
CA5.2 - Realizouse unha análise comparativa entre o perfil dos membros do equipo de traballo e os seus papeis na dinamización e na motivación do grupo	LC	10
CA5.3 - Identificáronse as competencias emocionais, intrapersoais e interpersoais que debe ter a persoa responsable ou que exerza a xefatura dun equipo de vendedores/as	LC	10
